


**Estudo do**

***mercado laboral***

# **GALICIA**



**2006**

Estudo do mercado laboral. Galicia 2006 ◦◦◦

**EDITA:**

Xunta de Galicia  
Consellería de Traballo  
Dirección Xeral de Formación e Colocación  
Instituto Galego das Cualificacións

**COORDINACIÓN:**

Marisa Mallo Fernández  
María José Cortés Jiménez

**EQUIPO TÉCNICO:**

Mar Martínez Besada  
Ricardo Fernández López  
Rosa M<sup>a</sup> Fernández Fernández  
Sergio Cantalejo Díaz  
Esther Sánchez González  
M<sup>a</sup> Belén Yáñez Barge  
Tomás González Mouriño

**EQUIPO AUXILIAR:**

Juan Cirilo Arnosa Casal  
M<sup>a</sup> Jesús Iglesias Ferreiro

**IMPRIME:**

Tórculo Artes Gráficas, S.A.

**DEPÓSITO LEGAL:**

C 2951-2007

**ISSN:**

1579-5675



<b>1.- INTRODUCCIÓN AO ESTUDO DO MERCADO LABORAL NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA</b>	<b>7</b>
<b>1.1.- Contido, metodoloxía e fontes de información</b>	<b>8</b>
1.1.1.- Perfil socioeconómico	8
1.1.2.- Tecido empresarial	8
1.1.3.- Paro rexistrado	10
1.1.4.- Contratos	10
1.1.5.- Formación	11
<b>1.2.- Definicións e taxas</b>	<b>11</b>
<b>2.- ANÁLISE DO MERCADO LABORAL</b>	<b>19</b>
<b>2.1.- Perfil sociodemográfico</b>	<b>19</b>
2.1.1.- Poboación	19
2.1.2.- EPA (Enquisa de Poboación Activa)	22
<b>2.2.- Tecido empresarial</b>	<b>25</b>
2.2.1.- Distribución do tecido produtivo de Galicia no ámbito provincial Datos absolutos. Porcentaxes. Ano 2006	25
2.2.2.- Evolución do número de empresas	26
2.2.3.- Evolución do número de traballadores	27
2.2.4.- Evolución do número de autónomos	28
2.2.5.- Evolución do número de empresas por sectores	29
2.2.6.- Evolución do número de traballadores por sectores	30
2.2.7.- Evolución do número de autónomos por sectores	31
2.2.8.- Empresas con crecemento sostido nos últimos cinco anos	32
2.2.9.- Empresas con crecemento sostido nos últimos cinco anos segundo o número de traballadores	33
2.2.10.- Autónomos con crecemento sostido nos últimos cinco anos	34
2.2.11.- Afiliados e empresas segundo o réxime da Seguridade Social	34
<b>2.3.- Paro rexistrado</b>	<b>35</b>
2.3.1.- Parados rexistrados por sexo	35
2.3.2.- Parados rexistrados por provincia	36
2.3.3.- Evolución anual do paro rexistrado	37
2.3.4.- Evolución mensual do paro rexistrado	38
2.3.5.- Parados rexistrados por idade e sexo	40
2.3.6.- Evolución anual dos parados rexistrados por idade	41
2.3.7.- Parados rexistrados por nivel formativo	42
2.3.8.- Evolución anual dos parados rexistrados por nivel formativo	43
2.3.9.- Parados rexistrados por antigüidade na demanda	44
2.3.10.- Evolución anual dos parados rexistrados por antigüidade na demanda	45
2.3.11.- Parados rexistrados por sector económico de procedencia	46
2.3.12.- Evolución anual dos parados por sector económico de procedencia	47
2.3.13.- Parados rexistrados por gran grupo de ocupación	48
2.3.14.- Evolución anual dos parados rexistrados por gran grupo de ocupación	49
2.3.15.- As dez ocupacións máis contratadas	51

<b>2.4.- Contratos</b>	<b>52</b>
2.4.1.- Contratos realizados por sexo	52
2.4.2.- Contratos realizados por provincia	53
2.4.3.- Evolución anual do número de contratos por sexo (2002-2006)	54
2.4.4.- Evolución mensual do número de contratos	55
2.4.5.- Contratos por idade e sexo	57
2.4.6.- Evolución anual dos contratos por idade	57
2.4.7.- Contratos por nivel formativo	58
2.4.8.- Evolución anual dos contratos por nivel formativo	59
2.4.9.- Contratos por tipoloxía	61
2.4.10.- Evolución anual dos contratos por tipoloxía	62
2.4.11.- Índice de rotación	63
2.4.12.- Contratos por sector económico	64
2.4.13.- Evolución anual dos contratos por sector de actividade	66
2.4.14.- Contratos por gran grupo de ocupación	67
2.4.15.- Evolución anual dos contratos por gran grupo de ocupación	69
2.4.16.- As dez ocupacións máis contratadas	70
<b>2.5.- Formación</b>	<b>71</b>
<b>2.6.- Conclusións</b>	<b>74</b>





## 1.- INTRODUCCIÓN AO ESTUDO DO MERCADO LABORAL NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

Para facilitar a posta en marcha de accións de emprego e formación por parte das entidades e organismos implicados nesta tarefa e que resultan necesarias para o conxunto da nosa sociedade, é fundamental coñecer a estrutura e o comportamento do mercado de traballo.

Por este motivo, cómpre contar cun instrumento de consulta que nos achegue a coñecer co maior detalle posible as características das principais variables que determinan o mercado laboral na nosa Comunidade Autónoma, é dicir, do tecido empresarial e do tecido laboral, da demanda e da contratación da forza de traballo.

Ese é o propósito deste informe, que confiamos en que constitúa unha valiosa fonte de análise do noso contorno para poder coñecer a realidade do mercado de traballo e chegar así a poder intervir no proceso de equilibrio laboral.

O informe do mercado laboral é elaborado polo Instituto Galego das Cualificacións, adscrito á Dirección Xeral de Formación e Colocación, da Consellería de Traballo. A este instituto correspóndelle, entre outras funcións, a análise permanente das necesidades de cualificación dos distintos colectivos, de xeito que sirva de marco de referencia para a elaboración e articulación das ofertas normativas dos tres subsistemas de formación profesional e para a súa actualización permanente. O Instituto Galego das Cualificacións, a través do Servizo do Observatorio Ocupacional, analiza e proporciona información sobre as estruturas ocupacionais e a súa evolución para adaptar as cualificacións profesionais ás necesidades do mercado de traballo da Comunidade Autónoma de Galicia. En consecuencia, este informe é obxecto prioritario do seu labor.

Os obxectivos fundamentais que se pretenden acadar con esta publicación son os seguintes.

- Facilitar datos representativos das principais variables que configuran o mercado laboral da Comunidade Autónoma galega, tanto dende o punto de vista cuantitativo como cualitativo.
- Mostrar a evolución temporal experimentada en certos parámetros concretos escollidos segundo a súa idoneidade ou a súa dispoñibilidade.



Estes dous obxectivos concretos pódense agrupar nunha pretensión xeral, que é a de *informar acerca da realidade sociolaboral galega dende a valoración que se pode extraer de Servizo Público de Emprego da nosa Comunidade Autónoma para facilitar o deseño e a programación axeitada de accións de emprego e formación.*

### **1.1.- Contido, metodoloxía e fontes de información**

O informe contén unha análise descritiva dos seguintes cinco bloques temáticos: a poboación, o tecido empresarial, o paro, os contratos e a formación ocupacional. A información presentada en cada un destes bloques é o resultado dun traballo de análise da explotación de datos, ademais dunha definición previa para determinar o tipo de categorías máis significativas para observar o comportamento do mercado de traballo.

Deste xeito, a elaboración do estudo do mercado laboral seguiu dous procesos básicos:

- Determinación das variables máis axeitadas para caracterizar o mercado de traballo e, dentro de cada variable, os aspectos destacables pola súa representatividade.
- Explotación da información obtida directamente das bases de datos, depurando e contrastando os resultados.

Nos seguintes apartados expónse unha descrición do contido de cada un dos bloques temáticos, detallando para cada un deles as bases de datos utilizadas e a metodoloxía aplicada.

#### **□□□ 1.1.1.- Perfil sociodemográfico**

Neste bloque óptase por facer unha primeira aproximación aos datos de poboación activa, parada e ocupada do ano 2006, debido a que tanto os datos para a nosa Comunidade Autónoma como as definicións e a metodoloxía están contidas na Enquisa de poboación activa (EPA) que publica o Instituto Galego de Estatística.

#### **□□□ 1.1.2.- Tecido empresarial**

Neste punto resúmense os datos cuantitativos das principais variables que conforman o tecido produtivo galego: empresas, traballadores por conta allea e traballadores autónomos, na actualidade e ao longo dos

últimos cinco anos. A información utilizada neste estudo orixínase a partir da base de datos da Tesouraría Xeral da Seguridade Social, que constitúe, por unha banda, o rexistro de traballadores por conta allea e por conta propia nos diferentes réximes da Seguridade Social (xeral e específicos), e, por outra banda, o rexistro de empresas a través das denominadas contas de cotización.

O motivo de utilizar esta base de datos como fonte de información deriva da súa elevada fiabilidade, xa que a Tesouraría Xeral da Seguridade Social inclúe todos os datos dos traballadores que exercen unha actividade laboral de xeito legal, ao ser obrigatoria a alta na Seguridade Social como requisito previo para a incorporación ao emprego; porque ademais considera a totalidade dos sectores económicos, e porque tamén ten en conta datos de diferentes anos que posibilitan realizar estudos evolutivos.

Os datos ofrécense a través de táboas e gráficos estruturados segundo dúas epígrafes: unha dedicada á situación actual das citadas variables e outra sobre a súa evolución nos cinco últimos anos.

Como limitación, cabe sinalar que a información relativa ás empresas, ao provir de contas de cotización, pode aparecer inflada debido á posibilidade de converxer varias contas nunha mesma empresa. En concreto, unha empresa pode ter abertas varias contas de cotización por diferentes motivos: por ter sedes en diferentes territorios, aparecendo neste caso unha conta de cotización por territorio; por ter contratos para a formación; por exercer diferentes actividades; por realizar contratos a tempo parcial de menos de 12 horas semanais, pois, aínda que xa non se poden formalizar, na actualidade mantéñense nalgunhas empresas os que se estableceron anteriormente; por ter contratado un axente de comercio; ou por contratar artistas de forma esporádica.

Finalmente, convén sinalar que, debido á configuración especial dos datos referentes aos traballadores na base de datos da Tesouraría Xeral da Seguridade Social, houbo que agrupar, baixo a epígrafe de "traballadores", os datos dos traballadores do réxime xeral da Seguridade Social, do réxime especial agrícola por conta allea, do mar por conta allea, do carbón, empregados de fogar continuos, os traballadores por conta propia agrícolas, os traballadores por conta propia do mar e os empregados de fogar discontinuos. Así, os autónomos inclúen só os traballadores pertencentes a este réxime especial.



### □□□ 1.1.3.- Paro rexistrado

O estudo do paro rexistrado do informe do mercado laboral consiste na análise do perfil básico dos parados de emprego, é dicir, da caracterización do prototipo máis común de parados existente en Galicia co propósito de indagar os grupos de persoas que precisan de maior atención á hora de propiciar a súa entrada ou promoción no mercado laboral.

O colectivo de parados refírese exclusivamente a todas as persoas de 16 e máis anos que se atopan sen traballo, dispoñibles para traballar e buscando activamente emprego, e enténdese por paro rexistrado o total da demanda de emprego en alta rexistrada polo Servizo Público de Emprego existente o último día de cada mes, excluindo a correspondente a situacións laborais descritas na Orde ministerial do 11 de marzo de 1985, pola que se establecen criterios estatísticos para a medición do paro rexistrado.

Segundo esta orde, exclúense do concepto de paro rexistrado, por exemplo, os demandantes de pluriemprego, mellora de emprego, que participan en traballos de colaboración social, que solicitan emprego conxuntural, estudantes, etc.

A información utilizada no estudo do paro provén das oficinas do Servizo Público de Emprego de Galicia, e a súa análise estableceuse sobre a combinación dos diferentes parámetros.

Por outra banda, a información da demanda completouse con datos evolutivos para posibilitar a comparación temporal destes, pero cómpre sinalar que só se analizaron os datos dos últimos dous anos debido a que a partir de maio de 2005 se pon en marcha un novo Sistema de Información dos Servizos Públicos de Emprego (SISPE) para mellorar a forma de medir o paro rexistrado, o que dificulta establecer unha comparativa temporal de máis alá dos referidos dous anos.

### □□□ 1.1.4.- Contratos

O estudo dos contratos ofrece unha visión integral das contratacións da Comunidade Autónoma durante o ano 2006, utilizando para a súa análise a base de datos que serve de soporte á sección de contratos das oficinas de emprego do Servizo Galego de Colocación.

A finalidade perseguida con este estudo é a de caracterizar un apartado importante do mercado laboral, o contractual, facilitando información relevante sobre o seu comportamento no eido da nosa Comunidade Autónoma. Esta caracterización inclúe distintos apartados con valoracións das evolucións anuais do ano 2002 ao 2006.

### □□□ 1.1.5.- Formación ocupacional

A análise da formación ocupacional, utilizando para o seu estudo a base de datos do Sistema de Formación Ocupacional da Consellería de Traballo, ofrece o número de alumnos formados no ano 2006 por familias profesionais e por provincias, tanto do Plan FIP como das accións formativas que o complementan (FSE), o que nos daría unha mostra das familias profesionais en que maior formación se recibe e o ámbito territorial onde se imparte esta.

## 1.2.- Definicións e taxas

**Poboación economicamente activa:** é o conxunto de persoas que, nun período de referencia dado, subministran man de obra para a produción de bens e servizos económicos ou que están dispoñibles e fan xestións para incorporarse á produción. A poboación economicamente activa divídese en ocupada e parada.

**Inactivos:** a poboación inactiva abrangue todas as persoas de 16 e máis anos non clasificadas como ocupadas ou paradas durante a semana de referencia, entre as que se atopan principalmente os estudantes, persoas que se ocupan do seu fogar, xubilados ou prexubilados, pensionistas, incapacitados para traballar ou outras situacións semellantes.

**Ocupados:** son as persoas de 16 e máis anos que durante a semana de referencia tiveron un traballo por conta allea ou exerceron unha actividade por conta propia, podendo estar durante esa semana:

- Traballando polo menos unha hora a cambio dun soldo, salario, beneficio empresarial ou ganancia familiar, en metálico ou en especie.
- Con emprego pero sen traballar, é dicir, ausentes do seu traballo por razóns de enfermidade ou accidente, vacacións, festas ou outras razóns análogas. Tamén se consideran dentro desta categoría as persoas que, estando suspendidas ou separadas do seu empre-

go como consecuencia dunha regulación de emprego, esperan reincorporarse á súa empresa.

**Parados:** considéranse paradas todas aquelas persoas de 16 e máis anos que durante a semana de referencia estiveron simultaneamente:

- Sen traballo, é dicir, que non tiveron emprego por conta allea ou por conta propia durante a semana de referencia.
- Na procura de traballo, é dicir, que tomaron medidas concretas para buscar un traballo por conta allea ou fixeron xestións para se estableceren pola súa conta durante o mes precedente.

**Taxa de actividade:** é o cociente entre o número total de activos e a poboación total.

**Taxa de paro:** é o cociente entre o número de parados e o de activos.

**Taxa de ocupación:** representa a porcentaxe das persoas con emprego sobre a poboación en idade laboral.

As **taxas** utilizadas nos diferentes apartados do estudo do mercado laboral son as seguintes:

- Variación interanual: é igual ao número de contratos do ano  $x$  menos as do ano anterior  $x-1$ , dividido polo número de contratos do  $x-1$  e multiplicado por 100. É dicir, a variación entre os anos 05-06 obteríase do seguinte xeito<sup>(1)</sup>:

$$\% \text{ Var. interanual}_{05-06} = \frac{O_{06} - O_{05}}{O_{05}} \times 100$$

Calculariamos o crecemento acadado nun ano con respecto ao ano anterior.

- Variación media anual: obtense da fórmula do xuro composto. Se lle chamamos  $C_{2006}$  e  $C_{2004}$  ao número de contratos nos anos 2006 e 2004, respectivamente, podemos expresar a fórmula da variación media anual do xeito seguinte<sup>(2)</sup>:

$$\% \text{ VMA} = \left[ \sqrt[2]{\frac{C_{2006}}{C_{2004}}} - 1 \right] \times 100$$

<sup>(1)</sup> Cando os datos referentes ao primeiro ano son iguais a cero, non podemos calcular a variación descrita, xa que o resultado da fórmula toma un valor fóra de rango.

<sup>(2)</sup> Cando os datos referentes ao primeiro ano da serie son igual a cero, non podemos calcular a variación descrita, xa que o resultado da fórmula toma un valor fóra de rango.

[a raíz é a que resulta de restarlle 1 ao número de anos dos que se pretende calcular a media, neste caso  $3-1=2$ , o que implica unha *raíz cadrada*]

Obteríamos deste xeito o crecemento medio acadado nos tres anos estudados<sup>(3)</sup>.

## CLASIFICACIÓN DAS RAMAS DE ACTIVIDADE ECONÓMICA:

A clasificación da actividade económica usada neste estudo baséase na CNAE 93 con varios niveis de desagregación *ad hoc*.

Co propósito de facer unha clasificación sinxela e, ao mesmo tempo, significativa de todos os sectores económicos, estruturáronse a partir das seccións da CNAE 93 en sete subsectores e, posteriormente, agrupáronse en catro grandes sectores económicos para simplificar a comprensión das táboas e gráficos. Deste xeito, nalgúns apartados aparecen táboas cos sectores e noutros aparecen táboas cos sectores e subsectores.

sector económico	subsector económico
PRIMARIO	Agricultura, gandería, caza, silvicultura e pesca
SECUNDARIO	Industria Electricidade, gas e auga
CONSTRUCCIÓN	Construción
SERVIZOS	Comercio, hostalaría e reparación de vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores, e artigos persoais e de uso doméstico Transporte, almacenamento e comunicacións Outros servizos

No derradeiro apartado, baixo a epígrafe de "outros servizos", encóntranse representadas as seguintes actividades: a intermediación financeira, actividades inmobiliarias e de alugamento, servizos empresariais, administración pública, defensa e Seguridade Social obrigatoria, edu-

<sup>(3)</sup> Os exemplos citados fan referencia á parte dos contratos, aínda que serían igualmente válidos para explicar os diferentes apartados do estudo. Só debemos ter en conta que, ao tratar cinco anos de análise, a variación media se calcularía como unha raíz cuarta.

cación e actividades sanitarias e veterinarias, servizos sociais, outras actividades sociais e de servizos prestados á comunidade, servizos persoais, fogares que empregan persoal doméstico e organismos extraterritoriais. Tamén se inclúen aqueles datos, escasos en número, dos cales se descoñece o sector económico concreto a que pertencen.

Elabóranse tamén gráficos circulares na industria e nos servizos cunha desagregación maior que a sinalada na táboa anterior, co propósito de conseguir máis información nestas actividades que son piares económicos da maioría das economías locais galegas.

En realidade, trátase de subseccións *ad hoc* elaboradas a partir do seguinte nivel de desagregación das subseccións CNAE, que se denomina, segundo esta terminoloxía, como “división”. Esta clasificación foi realizada polo observatorio baseándose en criterios de importancia de actividades industriais e de servizos na nosa Comunidade Autónoma, co propósito de establecer un equilibrio entre a facilidade de manexo da clasificación e, ao mesmo tempo, a maior cantidade de información extraíble en ambas as dúas actividades económicas.

A continuación relaciónanse dúas táboas co resultado desta desagregación:

<b>código CNAE</b>	<b>descrición das divisións CNAE</b>	<b>subseccións ad hoc na Industria</b>
10	extracción e aglomeración de antracita, hulla, lignito e turba	OUTRAS INDUSTRIAS
11	extracción de crus de petróleo e gas natural	
12	extracción de minerais de uranio e torio	
13	extracción de minerais metálicos	
14	extracción de minerais non metálicos nin enerxéticos	
15	industria de produtos alimentarios e bebidas	ALIMENTACIÓN
17	industria téxtil	TÉXTEL E CONFECCIÓN
18	industria da confección e da peletaría	OUTRAS INDUSTRIAS
19	preparación, curtume e acabado do coiro; fabricación de artigos de marroquinaría e viaxe	
20	industria de madeira e da cortiza, agás mobles; cestaría e espartaría	MADEIRA

<b>código CNAE</b>	<b>descripción das divisións CNAE</b>	<b>subseccións ad hoc na Industria</b>
21	industria do papel	
22	edición, artes gráficas e reprodución de soportes gravados	
23	coquerías, refinación de petróleo e tratamento de combustibles nucleares	OUTRAS INDUSTRIAS
24	industria química	
25	fabricación de produtos de caucho e materias plásticas	
26	fabricación doutros produtos minerais non metálicos	FABRICACIÓN DE PRODUCTOS MINERAIS NON METÁLICOS
27	metalurxia	METALURXIA E FABRICACIÓN DE PRODUCTOS METÁLICOS
28	fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	
29	industria da construción de maquinaria e equipamento mecánico	
30	fabricación de máquinas de oficina e equipamentos informáticos	
31	fabricación de maquinaria e material eléctrico	OUTRAS INDUSTRIAS
32	fabricación de material electrónico; fabricación de equipamento e aparellos de radio	
33	fabricación de equipamentos e instrumentos médico-cirúrxicos, de precisión, óptica e reloxaía	
34	fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	FABRICACIÓN DE MATERIAL TRANSPORTE
35	fabricación doutro material de transporte	
36	fabricación de mobles; outras industrias manufactureiras	OUTRAS INDUSTRIAS
37	reciclaxe	



<b>código CNAE</b>	<b>descripción das divisións CNAE</b>	<b>subseccións ad hoc nos Servizos</b>
50	venda, mantemento e reparación de vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores	SERVIZOS DE AUTOMOCIÓN
51	comercio por xunto e intermediarios do comercio, agás de vehículos de motor e motocicletas	COMERCIO EXCEPTO AUTOMOCIÓN
52	comercio polo miúdo, agás comercio de vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores	
55	hostalaría	HOSTALARÍA
60	transporte terrestre; transporte por tubos	TRANSPORTE E COMUNICACIÓNS
61	transporte marítimo, de cabotaxe e por vías de navegación interiores	
62	transporte aéreo e espacial	
63	actividades anexas aos transportes: actividades de axencias de viaxes	
64	correos e telecomunicacións	
65	intermediación financeira, agás seguros e plans de pensións	OUTROS SERVIZOS
66	seguros e plans de pensións, agás seguridade social obrigatoria	
67	actividades auxiliares da intermediación financeira	
70	actividades inmobiliarias	ACTIVIDADES INMOBILIARIAS E SERVIZOS EMPRESARIAIS
71	alugamento de maquinaria e equipamento sen operario, de efectos persoais e utensilios domésticos	
72	actividades informáticas	
73	investigación e desenvolvemento	
74	outras actividades empresariais	AA.PP.
75	administración pública, defensa e seguridade social obrigatoria	
80	educación	
85	actividades sanitarias e veterinarias, servizos sociais	SANIDADE E SERVIZOS SOCIAIS
90	actividades de saneamento público	SERVICIOS Á COMUNIDADE
91	actividades asociativas	
92	actividades recreativas, culturais e deportivas	
93	actividades diversas de servizos persoais	
95	fogares que empregan persoal doméstico	OUTROS SERVIZOS
99	organismos extraterritoriais	





## 2. ANÁLISE DO MERCADO LABORAL

### 2.1. Perfil sociodemográfico

#### 2.1.1.- Poboación.

Cos datos do Padrón Municipal de Habitantes a 1 de xaneiro de 2006, vemos como a poboación total de Galicia no ano 2006 acada un total de 2.764.250 habitantes, o que supón un 6,18% do total da poboación do Estado. Respecto ao ano 2005, o incremento de poboación da nosa Comunidade foi de 61.350 persoas, o que representa o 2,22%.

		homes	mulleres	%homes	%mulleres
GALICIA	2.764.250	1.332.176	1.432.074	48,19	51,81
ESPAÑA	44.708.964	22.100.466	22.608.498	49,43	50,57

A poboación estranxeira para o mesmo período é de 71.796, dos cales 34.596 son homes e 37.200 son mulleres, o que supón o 6,18% da poboación total de Galicia.


**Poboación por sexo e grupos quinquenais de idade. Galicia. Ano 2006 (P)**

	<b>Total</b>	<b>Homes</b>	<b>Mulleres</b>
TOTAL	2.764.250	1.332.176	1.432.074
0-4	100.363	51.765	48.598
5-9	98.919	51.145	47.774
10-14	112.090	57.679	54.411
15-19	132.730	67.868	64.862
20-24	171.758	87.459	84.299
25-29	219.464	110.369	109.095
30-34	218.956	109.973	108.983
35-39	211.364	105.219	106.145
40-44	200.909	99.579	101.330
45-49	195.369	96.898	98.471
50-54	174.788	86.814	87.974
55-59	173.313	85.043	88.270
60-64	159.721	76.831	82.890
65-69	140.372	64.870	75.502
70-74	159.458	70.927	88.531
75-79	126.749	52.960	73.789
80-84	90.182	33.567	56.615
85 E MÁIS	77.745	23.210	54.535

Segundo os datos da táboa anterior, nacen máis nenos que nenas, e a proporción de homes é superior á das mulleres ata aproximadamente a idade de 35 anos, proporción que se inverte a partir de aquí, sendo a diferenza notable nos últimos tramos de idade.

Analizando os tramos de idade, obsérvase que o tramo de 25 a 29 anos é o que ten maior poboación, representando o 7,94% do total da poboación.

### Pirámide da poboación de Galicia no ano 2006



Fonte: IGE

### □□□ 2.1.2.- EPA (Enquisa de Poboación Activa).

A continuación amósanse as características da Enquisa de Poboación Activa (poboación activa, parada e ocupada).

#### Taxas de actividade, ocupación e paro por sexo e grandes grupos de idade. Galicia. Metodoloxía EPA 2005

	Taxa de actividade			Taxa de ocupación			Taxa de paro		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
<b>2005</b>	53	62,6	44,3	47,8	58,1	38,3	9,9	7,2	13,5
2005/I	52,8	62,8	43,7	47,1	57,7	37,3	10,9	8	14,6
2005/II	53	62,5	44,3	47,1	57,5	37,5	11,1	7,9	15,2
2005/III	53,5	63,6	44,3	48,9	59,6	39,1	8,7	6,3	11,8
2005/IV	52,8	61,6	44,9	48	57,6	39,3	9,1	6,5	12,4
<b>2006</b>	53,6	62,2	45,8	49,1	58,4	40,5	8,5	6,1	11,4
2006/I	53,5	62,1	45,8	48,2	57,5	39,7	10	7,3	13,3
2006/II	53,2	62	45,1	48,6	58,3	39,8	8,6	6	11,8
2006/III	54,1	62,6	46,4	50,2	59,2	42	7,3	5,5	9,4
2006/IV	53,6	62,1	45,9	49,3	58,7	40,7	8,1	5,4	11,3

Fonte: INE. Enquisa de Poboación Activa

□□ **A poboación activa** de Galicia incrementouse durante o período 2005-2006. Por sexo, a taxa de actividade é maior no colectivo masculino; porén, o crecemento máis notable foi para as mulleres, cunha variación, durante o período comprendido entre o 1º trimestre de 2005 e 4º trimestre de 2006, de 2,2. No Estado a taxa de actividade acadada, no último trimestre de 2006, o 58,58%, cinco puntos superior á da Comunidade Autónoma.

□□ **A poboación ocupada** de Galicia non mantén un ritmo de crecemento nos catro trimestres de cada ano, senón que hai trimestres onde se produce un descenso. Aínda así, a taxa de ocupación incrementouse no ano 2006 en 1,3 puntos respecto a do ano anterior.

Este mesmo fenómeno sucede se a análise se fai por sexo.

Por outra banda, a taxa de ocupación do xénero feminino é sensiblemente inferior á do xénero masculino. Se comparamos coa taxa de ocupación do conxunto do país, vemos como a do Estado é 4,4 puntos superior á de Galicia. Esta diferenza é máis notable se falamos do colectivo de homes, sendo neste caso de 6,1 puntos.

□□ **A poboación parada** descendeu en todos os trimestres do ano 2006, agás no cuarto trimestre. O descenso máis notable prodúcese no colectivo de homes mentres que o das mulleres aumenta sensiblemente no último trimestre do ano. Ademais a taxa de paro feminino é máis acusada que a masculina.

Se comparamos co Estado, o ano 2006 remata cunhas cifras favorables para a nosa Comunidade, situándose a taxa de paro de Galicia por debaixo da do Estado.

Nos dous ámbitos xeográficos o colectivo máis desfavorecido é o feminino, dándose as maiores diferenzas na Comunidade Autónoma.


#### Taxas de actividade, ocupación e paro por sexo e grandes grupos de idade. España. Metodoloxía EPA 2005

	Taxa de actividade			Taxa de ocupación			Taxa de paro		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
	Total	Total	Total	Total	Total	Total	Total	Total	Total
2005TI	56,9	68,42	45,89	51,1	63,1	39,63	10,19	7,77	13,64
2005TII	57,35	68,71	46,49	52	63,7	40,81	9,33	7,29	12,22
2005TIII	57,43	69,04	46,31	52,59	64,56	41,13	8,42	6,49	11,19
2005TIV	57,72	68,95	46,95	52,7	64,37	41,5	8,7	6,64	11,61
2006TI	57,98	68,93	47,47	52,72	64,23	41,67	9,07	6,81	12,22
2006TII	58,3	69,09	47,93	53,32	64,69	42,41	8,53	6,36	11,53
2006TIII	58,44	69,48	47,83	53,68	65,29	42,52	8,15	6,02	11,11
2006TIV	58,58	69	48,56	53,72	64,81	43,05	8,3	6,06	11,36


Fonte: INE. Enquisa de Poboación Activa




### Taxa de actividade



### Taxa de paro



### Taxa de ocupación




## 2.2.- Tecido empresarial

### 2.2.1.- Distribución do tecido produtivo de Galicia no ámbito provincial. Datos absolutos. Porcentaxes. Ano 2006.

	<b>Empresas</b>	<b>%</b>	<b>Traballadores</b>	<b>%</b>	<b>Autónomos</b>	<b>%</b>
A CORUÑA	46.809	39,31	356.232	41,73	75.902	40,37
LUGO	15.477	13,00	106.571	12,48	23.742	12,63
OURENSE	13.523	11,36	84.874	9,94	24.127	12,83
PONTEVEDRA	43.279	36,34	306.081	35,85	64.233	34,17
<b>TOTAL</b>	<b>119.088</b>	<b>100,00</b>	<b>853.758</b>	<b>100,00</b>	<b>188.004</b>	<b>100,00</b>

Observando a táboa anterior, a nota que define o noso tecido empresarial é a súa concentración nas provincias da Coruña e Pontevedra, representando as tres cuartas partes da totalidade, tanto das empresas, como dos traballadores e dos autónomos.

### Tecido produtivo




□□□ 2.2.2.- Evolución do número de empresas.

Empresas	Evolución. Período 2002-2006													
	2002	2003	2004	2005	2006	2003	%	2004	%	2005	%	2006	%	V.M. anual
A CORUÑA	41.872	42.399	44.183	46.017	46.809	527	1,26	1784	4,21	1834	4,15	792	1,72	2,83
LUGO	15.149	13.923	14.723	15.246	15.477	-1226	-8,09	800	5,75	523	3,55	231	1,52	0,54
OURENSE	12.899	12.587	12.983	13.366	13.523	-312	-2,42	396	3,15	383	2,95	157	1,17	1,19
PONTEVEDRA	38.194	38.982	40.326	42.326	43.279	788	2,06	1344	3,45	2000	4,96	953	2,25	3,17
TOTAL	108.114	107.891	112.215	116.955	119.088	-223	-0,21	4324	4,01	4740	4,22	2133	1,82	2,45

Poderíamos sinalar que houbo un incremento do número de empresas ao longo dos últimos cinco anos nas catro provincias, agás en Lugo e Ourense no ano 2003, onde se reduciron. En canto á variación media anual, destaca a provincia de Pontevedra (3,17%).

**Evolución do número de empresas**




□□□ 2.2.3.- Evolución do número de traballadores.

Traballadores	Evolución. Período 2002-2006													
	2002	2003	2004	2005	2006	2003	%	2004	%	2005	%	2006	%	V.M. anual
A CORUÑA	310.577	316.311	327.636	340.195	356.232	5.734	1,85	11.325	3,58	12.559	3,83	16.037	4,71	3,49
LUGO	98.636	99.418	100.575	103.172	106.571	782	0,79	1.157	1,16	2.597	2,58	3.399	3,29	1,95
OURENSE	77.993	78.691	79.833	81.761	84.874	698	0,89	1.142	1,45	1.928	2,42	3.113	3,81	2,14
PONTEVEDRA	268.494	273.668	280.279	291.891	306.081	5.174	1,93	6.611	2,42	11.612	4,14	14.190	4,86	3,33
TOTAL	755.700	768.088	788.323	817.019	853.758	12.388	1,64	20.235	2,63	28.696	3,64	36.739	4,50	3,10

A evolución do número de traballadores no último quinquenio foi positiva nas catro provincias. Así, no ano 2006 había na nosa Comunidade aproximadamente 100.000 traballadores máis que en 2002, sendo o último ano o que experimenta un maior aumento. Unha vez máis, as provincias da Coruña e Pontevedra son as que rexistran o incremento máis importante, tanto en termos absolutos como en relativos.

**Evolución do número de traballadores**




## □□□ 2.2.4.- Evolución do número de autónomos.

Autónomos	Evolución. Período 2002-2006													
	2002	2003	2004	2005	2006	2003	%	2004	%	2005	%	2006	%	V.M. anual
A CORUÑA	67.379	69.706	72.167	74.041	75.902	2.327	3,45	2.461	3,53	1.874	2,60	1.861	2,51	3,02
LUGO	21.216	21.871	22.677	23.310	23.742	655	3,09	806	3,69	633	2,79	432	1,85	2,85
OURENSE	22.616	22.944	23.437	23.756	24.127	328	1,45	493	2,15	319	1,36	371	1,56	1,63
PONTEVEDRA	56.215	58.390	60.661	62.629	64.233	2.175	3,87	2.271	3,89	1.968	3,24	1.604	2,56	3,39
TOTAL	167.426	172.911	178.942	183.736	188.004	5.485	3,28	6.031	3,49	4.794	2,68	4.268	2,32	2,94

A evolución do número de autónomos, en termos xerais, caracterízase polo crecemento, aínda que ralentizado a partir do ano 2005. En canto á variación media, a provincia que ten o crecemento medio anual máis elevado é a de Pontevedra (3,39%); pola contra, a de menor variación media é a de Ourense (1,63%).

## Evolución do número de autónomos




### 2.2.5.- Evolución do número de empresas por sectores.

	Evolución. Período 2002-2006													
	2002	2003	2004	2005	2006	2003	%	2004	%	2005	%	2006	%	V.M. anual
Agricultura e pesca	7.911	4.882	6.209	6.269	6.247	-3.029	-38,29	1.327	27,18	60	0,97	-22	-0,35	-5,73
<b>S. PRIMARIO</b>	<b>7.911</b>	<b>4.882</b>	<b>6.209</b>	<b>6.269</b>	<b>6.247</b>	<b>-3.029</b>	<b>-38,29</b>	<b>1.327</b>	<b>27,18</b>	<b>60</b>	<b>0,97</b>	<b>-22</b>	<b>-0,35</b>	<b>-5,73</b>
Industria	11.829	11.709	11.613	11.608	11.442	-120	-1,01	-96	-0,82	-5	-0,04	-166	-1,43	-0,83
Electricidade	174	183	178	185	179	9	5,17	-5	-2,73	7	3,93	-6	-3,24	0,71
<b>S. SECUNDARIO</b>	<b>12.003</b>	<b>11.892</b>	<b>11.791</b>	<b>11.793</b>	<b>11.621</b>	<b>-111</b>	<b>-0,92</b>	<b>-101</b>	<b>-0,85</b>	<b>2</b>	<b>0,02</b>	<b>-172</b>	<b>-1,46</b>	<b>-0,81</b>
Construción	15.230	15.663	16.164	16.701	17.050	433	2,84	501	3,20	537	3,32	349	2,09	2,86
<b>CONSTRUCCIÓN</b>	<b>15.230</b>	<b>15.663</b>	<b>16.164</b>	<b>16.701</b>	<b>17.050</b>	<b>433</b>	<b>2,84</b>	<b>501</b>	<b>3,20</b>	<b>537</b>	<b>3,32</b>	<b>349</b>	<b>2,09</b>	<b>2,86</b>
Comercio e hostalaría	36.034	37.055	37.892	38.865	39.282	1.021	2,83	837	2,26	973	2,57	417	1,07	2,18
Transporte e comunicacións	5.264	5.381	5.654	5.899	6.222	117	2,22	273	5,07	245	4,33	323	5,48	4,27
Outros servizos	31.583	32.926	34.492	37.424	38.666	1.343	4,25	1.566	4,76	2.932	8,50	1.242	3,32	5,19
<b>S. SERVIZOS</b>	<b>72.881</b>	<b>75.362</b>	<b>78.038</b>	<b>82.188</b>	<b>84.170</b>	<b>2.481</b>	<b>3,40</b>	<b>2.676</b>	<b>3,55</b>	<b>4.150</b>	<b>5,32</b>	<b>1.982</b>	<b>2,41</b>	<b>3,67</b>
Sen actividade	89	92	13	4	0	3	3,37	-79	-85,87	-9	-69,23	-4	-100	-100
<b>TOTAL</b>	<b>108.114</b>	<b>107.891</b>	<b>112.215</b>	<b>116.955</b>	<b>119.088</b>	<b>-223</b>	<b>-0,21</b>	<b>4.324</b>	<b>4,01</b>	<b>4.740</b>	<b>4,22</b>	<b>2.133</b>	<b>1,82</b>	<b>2,45</b>

Na evolución do número de empresas por sectores, vemos como o sector primario, sector tradicionalmente prioritario na nosa Comunidade, foi o que rexistrou o maior balance negativo. No ano 2006 había 1.664 empresas menos que en 2002, o que supón unha variación media anual negativa (-5,73%); pola contra, o que experimentou unha maior variación positiva foi o sector servizos, o que nos dá unha idea da importancia que este sector ten na nosa sociedade urbana e do benestar.

### Distribución subsectorial das empresas (2006)




## □□□ 2.2.6.- Evolución do número de traballadores por sectores.

	Evolución. Período 2002-2006													
	2002	2003	2004	2005	2006	2003	%	2004	%	2005	%	2006	%	V.M. anual
Agricultura e pesca	97.754	96.047	91.939	87.632	84.497	-1.707	-1,75	-4.108	-4,28	-4.307	-4,68	-3.135	-3,58	-3,58
<b>S. PRIMARIO</b>	<b>97.754</b>	<b>96.047</b>	<b>91.939</b>	<b>87.632</b>	<b>84.497</b>	<b>-1.707</b>	<b>-1,75</b>	<b>-4.108</b>	<b>-4,28</b>	<b>-4.307</b>	<b>-4,68</b>	<b>-3.135</b>	<b>-3,58</b>	<b>-3,58</b>
Industria	138.973	138.088	139.120	140.524	145.550	-885	-0,64	1.032	0,75	1.404	1,01	5.026	3,58	1,16
Electricidade	4.611	4.453	4.289	4.125	3.963	-158	-3,43	-164	-3,68	-164	-3,82	-162	-3,93	<b>-3,72</b>
<b>S. SECUNDARIO</b>	<b>143.584</b>	<b>142.541</b>	<b>143.409</b>	<b>144.649</b>	<b>149.513</b>	<b>-1.043</b>	<b>-0,73</b>	<b>868</b>	<b>0,61</b>	<b>1.240</b>	<b>0,86</b>	<b>4.864</b>	<b>3,36</b>	<b>1,02</b>
Construción	85.377	86.262	89.912	95.920	101.768	885	1,04	3.650	4,23	6.008	6,68	5.848	6,10	4,49
<b>CONSTRUCCIÓN</b>	<b>85.377</b>	<b>86.262</b>	<b>89.912</b>	<b>95.920</b>	<b>101.768</b>	<b>885</b>	<b>1,04</b>	<b>3.650</b>	<b>4,23</b>	<b>6.008</b>	<b>6,68</b>	<b>5.848</b>	<b>6,10</b>	<b>4,49</b>
Comercio e hostalaría	147.776	153.136	159.342	167.819	174.975	5.360	3,63	6.206	4,05	8.477	5,32	7.156	4,26	4,31
Transporte e comunicacións	34.493	34.497	35.611	37.374	40.496	4	0,01	1.114	3,23	1.763	4,95	3.122	8,35	4,09
Outros servizos	246.553	255.437	268.070	283.620	302.509	8.884	3,60	12.633	4,95	15.550	5,80	18.889	6,66	5,25
<b>S. SERVIZOS</b>	<b>428.822</b>	<b>443.070</b>	<b>463.023</b>	<b>488.813</b>	<b>517.980</b>	<b>14.248</b>	<b>3,32</b>	<b>19.953</b>	<b>4,50</b>	<b>25.790</b>	<b>5,57</b>	<b>29.167</b>	<b>5,97</b>	<b>4,84</b>
Sen actividade	163	168	40	5	0	5	3,07	-128	-76,19	-35	-87,50	-5	-100	-100
<b>TOTAL</b>	<b>755.700</b>	<b>768.088</b>	<b>788.323</b>	<b>817.019</b>	<b>853.758</b>	<b>12.388</b>	<b>1,64</b>	<b>20.235</b>	<b>2,63</b>	<b>28.696</b>	<b>3,64</b>	<b>36.739</b>	<b>4,50</b>	<b>3,10</b>

A evolución do número de traballadores é moi parecida á da comentada para o número de empresas; así, o sector que máis traballadores perde é o primario. Esta diminución traducíuse nunha variación media anual de -3,58%. Esta tendencia negativa non é común a outros sectores, entre os cales o sector servizos é o que máis crece, converténdose no máis importante ao englobar o maior número de traballadores.

## Distribución subsectorial dos traballadores (2006)




□□□ 2.2.7.- Evolución do número de autónomos por sectores.

	Evolución. Período 2002-2006													
	2002	2003	2004	2005	2006	2003	%	2004	%	2005	%	2006	%	V.M. anual
Agricultura e pesca	2.479	2.803	3.060	3.335	3.656	324	13,07	257	9,17	275	8,99	321	9,63	10,20
<b>S. PRIMARIO</b>	<b>2.479</b>	<b>2.803</b>	<b>3.060</b>	<b>3.335</b>	<b>3.656</b>	<b>324</b>	<b>13,07</b>	<b>257</b>	<b>9,17</b>	<b>275</b>	<b>8,99</b>	<b>321</b>	<b>9,63</b>	<b>10,20</b>
Industria	16.026	16.147	16.264	16.184	16.236	121	0,76	117	0,72	-80	-0,49	52	0,32	0,33
Electricidade	63	63	59	65	68	0	0,00	-4	-6,35	6	10,17	3	4,62	1,93
<b>S. SECUNDARIO</b>	<b>16.089</b>	<b>16.210</b>	<b>16.323</b>	<b>16.249</b>	<b>16.304</b>	<b>121</b>	<b>0,75</b>	<b>113</b>	<b>0,70</b>	<b>-74</b>	<b>-0,45</b>	<b>55</b>	<b>0,34</b>	<b>0,33</b>
Construción	26.035	27.450	28.931	30.146	31.742	1.415	5,43	1.481	5,40	1.215	4,20	1.596	5,29	5,08
<b>CONSTRUCCIÓN</b>	<b>26.035</b>	<b>27.450</b>	<b>28.931</b>	<b>30.146</b>	<b>31.742</b>	<b>1.415</b>	<b>5,43</b>	<b>1.481</b>	<b>5,40</b>	<b>1.215</b>	<b>4,20</b>	<b>1.596</b>	<b>5,29</b>	<b>5,08</b>
Comercio e hostalaría	80.943	82.509	83.974	84.986	85.177	1.566	1,93	1.465	1,78	1.012	1,21	191	0,22	1,28
Transporte e comunicacións	12.525	12.575	12.699	12.778	12.861	50	0,40	124	0,99	79	0,62	83	0,65	0,66
Outros servizos	29.090	31.115	33.722	36.020	38.251	2.025	6,96	2.607	8,38	2.298	6,81	2.231	6,19	7,08
<b>S. SERVIZOS</b>	<b>122.558</b>	<b>126.199</b>	<b>130.395</b>	<b>133.784</b>	<b>136.289</b>	<b>3.641</b>	<b>2,97</b>	<b>4.196</b>	<b>3,32</b>	<b>3.389</b>	<b>2,60</b>	<b>2.505</b>	<b>1,87</b>	<b>2,69</b>
Sen actividade	265	249	233	222	13	-16	-6,04	-16	-6,43	-11	-4,72	-209	-94,14	-52,94
<b>TOTAL</b>	<b>167.426</b>	<b>172.911</b>	<b>178.942</b>	<b>183.736</b>	<b>188.004</b>	<b>5.485</b>	<b>3,28</b>	<b>6.031</b>	<b>3,49</b>	<b>4.794</b>	<b>2,68</b>	<b>4.268</b>	<b>2,32</b>	<b>2,94</b>

A evolución do número de autónomos caracterízase polo crecemento continuo en todos os sectores, pero o maior aumento experimentao o sector primario, cunha variación media anual de 10,20%, feito que está indicando un cambio no tecido deste sector, potenciándose o traballo autónomo fronte á creación de empresas e contratacións por conta allea. O seguinte sector en importancia é o da construción, o cal presenta unha evolución continua durante todo o período e acaba rexistrando unha variación media anual de 5,08%. Pola contra, o sector secundario caracterízase polo estancamento, experimentando unha variación media de 0,33%.

**Distribución subsectorial de autónomos (2006)**





## □□□ 2.2.8.- Empresas con crecemento sostido nos últimos cinco anos.

CNAE	DESCRIBIÓN - CNAE	2002	2003	2004	2005	2006	06-02
45	construción	15.230	15.663	16.164	16.701	17.050	1.820
52	comercio polo miúdo, agás comercio de vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores	15.433	15.862	16.285	16.667	16.728	1.295
95	fogares que empregan persoal doméstico	9.411	9.533	10.040	11.611	11.779	2.368
55	hostalaría	9.820	10.249	10.491	10.892	11.233	1.413
74	outras actividades empresariais	6.031	6.452	6.748	7.247	7.647	1.616
51	comercio por xunto e intermediarios do comercio, agás de vehículos de motor e motocicletas	6.697	6.865	6.947	7.145	7.210	513
60	transporte terrestre; transporte por tubos	4.131	4.240	4.427	4.608	4.882	751
93	actividades diversas de servizos persoais	3.196	3.370	3.524	3.683	3.726	530
85	actividades sanitarias e veterinarias, servizos sociais	2.707	2.798	2.891	3.008	3.129	422
70	actividades inmobiliarias	1.569	1.750	1.986	2.268	2.567	998
92	actividades recreativas, culturais e deportivas	1.444	1.518	1.565	1.651	1.684	240
91	actividades asociativas	1.249	1.317	1.406	1.470	1.512	263
63	actividades anexas aos transportes: actividades de axencias de viaxes	822	842	917	966	1.008	186
67	actividades auxiliares da intermediación financeira	692	724	747	807	855	163
22	edición, artes gráficas e reprodución de soportes gravados	692	737	749	765	765	73
72	actividades informáticas	360	403	432	449	460	100
02	silvicultura, explotación forestal e actividades dos servizos relacionados con elas	191	224	239	252	254	63
73	investigación e desenvolvemento	46	51	60	65	77	31
37	reciclaxe	31	34	35	36	41	10

### 2.2.9.- Empresas con crecemento sostido nos últimos cinco anos segundo o número de traballadores.

CNAE	DESCRIPCIÓN - CNAE	2002	2003	2004	2005	2006	06-02
45	construción	85.377	86.262	89.912	95.920	101.768	16.391
52	comercio polo miúdo, agás comercio de vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores	59.853	62.473	64.754	69.122	72.253	12.400
74	outras actividades empresariais	51.299	54.275	58.338	63.403	70.313	19.014
75	administración pública, defensa e seguridade social obrigatoria	61.575	63.251	64.999	64.798	68.979	7.404
85	actividades sanitarias e veterinarias, servizos sociais	41.906	43.192	45.546	48.750	50.988	9.082
51	comercio por xunto e intermediarios do comercio, agás de vehículos de motor e motocicletas	38.279	39.276	40.855	42.193	43.696	5.417
55	hostalaría	30.597	32.297	34.031	36.476	38.440	7.843
80	educación	22.974	22.747	23.140	24.410	25.556	2.582
60	transporte terrestre; transporte por tubos	20.007	20.522	21.011	21.766	23.758	3.751
15	industria de produtos alimentarios e bebidas	20.013	20.069	20.548	21.301	22.149	2.136
50	venda, mantemento e reparación de vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores	19.047	19.090	19.702	20.028	20.586	1.539
95	fogares que empregan persoal doméstico	15.051	15.471	16.430	19.189	19.676	4.625
28	fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	14.647	15.114	15.420	16.242	17.578	2.931
92	actividades recreativas, culturais e deportivas	9.032	9.510	10.052	10.531	11.267	2.235
93	actividades diversas de servizos persoais	8.421	9.107	9.746	10.272	10.686	2.265
91	actividades asociativas	6.905	7.372	7.661	8.170	9.172	2.267
70	actividades inmobiliarias	4.013	4.453	4.947	5.429	5.994	1.981
36	fabricación de mobles; outras industrias manufactureiras	5.070	5.138	5.409	5.603	5.722	652
22	edición, artes gráficas e reprodución de soportes gravados	5.148	5.407	5.560	5.627	5.709	561
72	actividades informáticas	2.509	2.846	3.235	3.856	4.355	1.846
24	industria química	3.594	3.625	3.637	3.659	3.667	73
90	actividades de saneamento público	2.713	2.780	2.921	3.089	3.379	666
71	alugamento de maquinaria e equipamento sen operario, de efectos persoais e utensilios domésticos	1.656	1.819	2.068	2.185	2.402	746
67	actividades auxiliares da intermediación financeira	1.515	1.628	1.708	1.840	1.960	445
41	captación, depuración e distribución de auga	1.238	1.248	1.273	1.321	1.335	97
02	silvicultura, explotación forestal e actividades dos servizos relacionados con elas	701	825	852	998	1.066	365
23	coqueñas, refinación de petróleo e tratamento de combustibles nucleares	573	597	654	688	725	152
37	reciclaxe	436	466	519	576	711	275

## □□□ 2.2.10.- Autónomos con crecemento sostido nos últimos cinco anos.

CNAE	DESCRIPCIÓN - CNAE	2002	2003	2004	2005	2006	06-02
45	construción	26.035	27.450	28.931	30.146	31.742	5.707
55	hostalaría	22.977	23.522	24.069	24.464	24.592	1.615
51	comercio por xunto e intermediarios do comercio, agás de vehículos de motor e motocicletas	10.945	11.273	11.623	11.934	12.193	1.248
60	transporte terrestre; transporte por tubos	11.757	11.771	11.861	11.881	11.891	134
74	outras actividades empresariais	7.541	8.302	9.535	10.609	11.552	4.011
93	actividades diversas de servizos persoais	6.347	6.566	6.737	6.932	7.155	808
50	venda, mantemento e reparación de vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores	6.080	6.197	6.306	6.380	6.487	407
85	actividades sanitarias e veterinarias, servizos sociais	3.567	3.883	4.211	4.517	4.757	1.190
80	educación	2.778	2.942	3.074	3.209	3.315	537
15	industria de produtos alimentarios e bebidas	2.918	3.000	3.077	3.147	3.170	252
01	agricultura, gandería, caza e actividades dos servizos relacionados con elas	1.947	2.210	2.416	2.665	2.925	978
70	actividades inmobiliarias	1.727	1.941	2.218	2.514	2.910	1.183
67	actividades auxiliares da intermediación financeira	2.156	2.339	2.507	2.662	2.831	675
92	actividades recreativas, culturais e deportivas	1.861	1.977	2.159	2.284	2.439	578
28	fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	2.070	2.090	2.169	2.212	2.289	219
22	edición, artes gráficas e reprodución de soportes gravados	840	896	920	972	1.016	176
72	actividades informáticas	720	782	874	895	953	233
63	actividades anexas aos transportes: actividades de axencias de viaxes	466	481	521	569	611	145
02	silvicultura, explotación forestal e actividades dos servizos relacionados con elas	372	414	447	477	528	156
35	fabricación doutro material de transporte	276	289	303	315	318	42
73	investigación e desenvolvemento	75	100	167	223	259	184
30	fabricación de máquinas de oficina e equipamentos informáticos	15	17	27	35	49	34

## □□□ 2.2.11.- Afiliados e empresas segundo o réxime da Seguridade Social.

	Empresas	% Total	Traballadores	% Total
XERAL	102.469	86,04	753.410	72,32
AGRARIO	1.307	1,10	54.490	5,23
MAR	3.978	3,34	26.685	2,56
FOGAR	11.333	9,52	19.100	1,83
CARBÓN	1		73	0,01
AUTÓNOMOS			188.004	18,05
TOTAL	119.088	100,00	1.041.762	100,00


## 2.3.- Paro rexistrado

### 2.3.1.- Parados rexistrados por sexo.

O número total de parados rexistrados nas oficinas de emprego de Galicia ao finalizar o mes de decembro de 2006 ascendía a 160.666 persoas, das que 100.421 eran mulleres (62,50%), fronte a 60.245 homes (37,50%).

	Parados	%
Homes	60.245	37,50
Mulleres	100.421	62,50
Total	160.666	100

Parados por sexo. Galicia 2006




### 2.3.2.- Parados rexistrados por provincia.

	Homes	% homes	Mulleres	% mulleres	Total	% total
A CORUÑA	24.879	41,30	40.802	40,63	65.681	40,88
LUGO	6.752	11,21	9.410	9,37	16.162	10,06
OURENSE	7.563	12,55	12.316	12,26	19.879	12,37
PONTEVEDRA	21.051	34,94	37.893	37,73	58.944	36,69
<b>GALICIA</b>	<b>60.245</b>	<b>100,00</b>	<b>100.421</b>	<b>100,00</b>	<b>160.666</b>	<b>100,00</b>

En canto á distribución por provincias, é a da Coruña a que rexistra unha porcentaxe máis alta, o 40,88% dos parados galegos, seguida da de Pontevedra, co 36,69%. Entre as dúas provincias concentran máis das 3/4 partes dos parados de Galicia.

#### Parados Galicia 2006




### 2.3.3.- Evolución anual do paro rexistrado.

Debido á posta en marcha do novo sistema SISPE, para mellorar a forma de medir o paro, só teremos en conta os datos a partir de 2005.

	31/12/2005	31/12/2006	Variación	% variación
HOMES	69.155	60.245	-8.910	-12,88
MULLERES	109.521	100.421	-9.100	-8,31
TOTAL	178.676	160.666	-18.010	-10,08

En decembro do ano 2006 o paro descendeu, respecto da mesma data do ano anterior, en 18.010 persoas, o que supón unha variación interanual de -10,08%.

Se a análise se fai por sexo, vemos unha redución nos dous sexos, pero o colectivo de homes é o que experimenta, en termos relativos, un descenso máis notable (-12,88%).



## □□□ 2.3.4.- Evolución mensual do paro rexistrado.


## Evolución mensual 2006

Data	Homes	Mulleres	Total	Variación			% variación		
				Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
31/01/2006	69.817	111.584	181.401	662	2.063	2.725	0,96	1,88	1,53
28/02/2006	67.734	110.639	178.373	-2.083	-945	-3.028	-2,98	-0,85	-1,67
31/03/2006	66.033	110.081	176.114	-1.701	-558	-2.259	-2,51	-0,50	-1,27
30/04/2006	63.229	107.103	170.332	-2.804	-2.978	-5.782	-4,25	-2,71	-3,28
31/05/2006	60.129	103.032	163.161	-3.100	-4.071	-7.171	-4,90	-3,80	-4,21
30/06/2006	56.756	96.990	153.746	-3.373	-6.042	-9.415	-5,61	-5,86	-5,77
31/07/2006	53.832	94.236	148.068	-2.924	-2.754	-5.678	-5,15	-2,84	-3,69
31/08/2006	53.038	93.350	146.388	-794	-886	-1.680	-1,47	-0,94	-1,13
30/09/2006	52.478	94.356	146.834	-560	1.006	446	-1,06	1,08	0,30
31/10/2006	54.638	96.896	151.534	2.160	2.540	4.700	4,12	2,69	3,20
30/11/2006	57.761	100.929	158.690	3.123	4.033	7.156	5,72	4,16	4,72
31/12/2006	60.245	100.421	160.666	2.484	-508	1.976	4,30	-0,50	1,25

O comportamento do paro ao longo do ano reflicte a estacionalidade do emprego. Así, observamos que nos primeiros meses do ano sofre unha redución paulatina con pequenas oscilacións, destacando o mes de xuño co dato máis baixo (9.415 persoas, o que supón o -5,77%), pero a partir de setembro invértese esa tendencia e aumenta o paro.


A distribución por sexos presenta certas diferenzas. Aínda que o paro descende en ambos sexos nos primeiros meses do ano, a redución para os homes foi maior en case todos os meses; non obstante, cara ao final do ano o paro volve aumentar. No colectivo dos homes empeza a subir en outubro, mentres que nas mulleres xa o fai desde setembro. No mes de decembro, mentres que o paro masculino aumenta en 2.484 homes (o 4,30%), o paro feminino descende en 508 mulleres (-0,50%).

### Evolución mensual do paro



Nota: As cifras do paro refírense ao último día de cada mes.

### Evolución mensual por sexo






### 2.3.5.- Parados rexistrados por idade e sexo.

	Homes	%	Mulleres	%	Total	%
<26	9.804	16,27	11.830	11,78	21.634	13,47
26 A 35	14.757	24,49	28.272	28,15	43.029	26,78
36 A 45	11.385	18,90	24.759	24,66	36.144	22,50
46 A 55	11.707	19,43	21.174	21,09	32.881	20,47
56 e máis	12.592	20,90	14.386	14,33	26.978	16,79
Total	60.245	100,00	100.421	100,00	160.666	100,00

En relación cos grupos de idade, vemos que o tramo de 26 a 35 anos é o que rexistra un maior número de parados, concretamente 43.029, o que supón o 26,78% do total, seguido moi de cerca polo seguinte tramo de 36 a 45 anos, que representa o 22,50%.

Se a análise se fai por sexo, o xénero que predomina en todos os tramos de idade é o das mulleres paradas, chegando as cifras a ser máis do dobre, como é no caso do tramo de 36 a 45 anos.

#### Parados rexistrados por idade e sexo




### 2.3.6.- Evolución anual dos parados rexistrados por idade.

	2005	2006	Variación	% variación
<26	27.059	21.634	-5.425	-20,05
26 A 35	50.489	43.029	-7.460	-14,78
36 A 45	39.898	36.144	-3.754	-9,41
46 A 55	34.694	32.881	-1.813	-5,23
56 e máis	26.536	26.978	442	1,67

O paro rexistrado no ano 2006 en relación co ano 2005 experimentou unha redución en todos os tramos de idade, agás no grupo de 56 e máis, que aumentou en 442 persoas, o que supón o 1,67%. En canto aos tramos en que descenden os parados, destaca o de menores de 26 anos cun descenso de 5.425 persoas, o que supón unha variación anual do 20,05% para ese intervalo.

### Parados rexistrados por idade e sexo




### 2.3.7.- Parados rexistrados por nivel formativo.

	Homes	%	Mulleres	%	Total	%
Ata certificado de escolaridade*	26.051	43,24	33.009	32,87	59.060	36,76
BUP/Bacharelato superior/COU	5.752	9,55	9.563	9,52	15.315	9,53
Formación profesional	6.402	10,63	14.583	14,52	20.985	13,06
Outras titulacións	43	0,07	61	0,06	104	0,06
Titulación ensino obrigatorio	17.955	29,80	31.437	31,31	49.392	30,74
Titulados universitarios	4.042	6,71	11.768	11,72	15.810	9,84
Total xeral	60.245	100,00	100.421	100,00	160.666	100,00

Atendendo ao nivel formativo dos parados, destaca o feito de que case as dúas terceiras partes dos parados galegos teñen titulación de ensino obrigatorio ou unha titulación inferior (concretamente 108.452 persoas, o que supón o 67,50% da totalidade dos demandantes parados). Pola contra, os que teñen menos peso porcentual nos parados son os que posúen o bacharelato.

Se a análise se fai por sexo, a tendencia é moi similar.

#### Parados rexistrados por nivel formativo




□□□ 2.3.8.- Evolución anual dos parados rexistrados por nivel formativo.

	2005	2006	Variación	% variación
Ata certificado de escolaridade*	63.198	59.060	-4.138	-6,55
BUP/Bacharelato Superior/COU	17.644	15.315	-2.329	-13,20
Formación profesional	24.044	20.985	-3.059	-12,72
Outras titulacións	122	104	-18	-14,75
Titulación ensino obrigatorio	54.823	49.392	-5.431	-9,91
Titulados universitarios	18.845	15.810	-3.035	-16,11

No ano 2006 prodúcese un descenso dos parados en todos os niveis formativos, sendo os titulados universitarios os que experimentan, en termos relativos, un valor máximo (-16,11%).

Evolución anual por nivel formativo




### 2.3.9.- Parados rexistrados por antigüidade na demanda.

	Homes	%	Mulleres	%	Total	%
<= 1 mes	9.789	16,25	10.399	10,36	20.188	12,57
de 1 a 3 meses	13.894	23,06	17.473	17,40	31.367	19,52
de 3 a 6 meses	8.624	14,31	13.936	13,88	22.560	14,04
de 6 a 12 meses	8.567	14,22	13.303	13,25	21.870	13,61
de 12 a 24 meses	7.755	12,87	15.250	15,19	23.005	14,32
máis de 24 meses	11.616	19,28	30.060	29,93	41.676	25,94
Total xeral	60.245	100,00	100.421	100,00	160.666	100,00

En canto ao tempo de antigüidade no paro, vemos que unha cuarta parte dos parados galegos (25,94%) levan na procura de emprego máis de 24 meses, seguíndolles en importancia os parados comprendidos entre 1 e 3 meses.

### Parados rexistrados por antigüidade na demanda




2.3.10.- Evolución anual dos parados rexistrados por antigüidade na demanda.

	2005	2006	Variación	% variación
<= 1 mes	22.986	20.188	-2.798	-12,17
de 1 a 3 meses	35.323	31.367	-3.956	-11,20
de 3 a 6 meses	25.732	22.560	-3.172	-12,33
de 6 a 12 meses	25.306	21.870	-3.436	-13,58
de 12 a 24 meses	25.935	23.005	-2.930	-11,30
máis de 24 meses	43.394	41.676	-1.718	-3,96

O ano 2006, respecto ao 2005, experimenta unha redución do paro en todos os colectivos, pero o grupo en que descendeu máis o paro, en termos relativos, é os que teñen unha antigüidade de 6 a 12 meses (-13,58%). Pola contra, o colectivo que menos se reduciu, en termos relativos, foi o dos parados de longa duración (-3,96%).

Evolución anual por antigüidade na demanda




### 2.3.11.- Parados rexistrados por sector económico de procedencia.

	Homes	%	Mulleres	%	Total	%
SECTOR PRIMARIO	3.401	5,65	1.655	1,65	5.056	3,15
SECTOR SECUNDARIO	9.005	14,95	16.773	16,70	25.778	16,04
SECTOR CONSTRUCCIÓN	14.927	24,78	2.196	2,19	17.123	10,66
SECTOR SERVIZOS	27.127	45,03	62.084	61,82	89.211	55,53
SEN ACTIVIDADE	5.785	9,60	17.713	17,64	23.498	14,63
Total xeral	60.245	100,00	100.421	100,00	160.666	100,00

A maioría dos parados galegos proceden do sector servizos, englobando este máis da metade dos demandantes (55,53%). O seguinte sector con maior número de parados é o da industria, pero xa a bastante distancia. Nos parados homes o sector que ocupa un segundo lugar é o sector da construción.

### Parados rexistrados por sector económico de procedencia




### 2.3.12.- Evolución anual dos parados rexistrados por sector económico de procedencia.

	2005	2006	Variación	% variación
SECTOR PRIMARIO	5.375	5.056	-319	-5,93
SECTOR SECUNDARIO	29.162	25.778	-3.384	-11,60
SECTOR CONSTRUCCIÓN	20.033	17.123	-2.910	-14,53
SECTOR SERVICIOS	98.859	89.211	-9.648	-9,76
SEN ACTIVIDADE	25.247	23.498	-1.749	-6,93

O paro rexistrado por sectores económicos presenta as seguintes variacións respecto ao ano 2005: onde máis se reduce, en termos relativos, é no sector da construción (-14,53%) seguido do sector secundario (-11,60%).

### Evolución anual dos parados por actividade económica






□ □ □ 2.3.13.- Parados rexistrados por gran grupo de ocupación.

	Homes	%	Mulleres	%	Total	%
Forzas armadas	55	0,09	7	0,01	62	0,04
Dirección das empresas e das administracións públicas	808	1,34	334	0,33	1.142	0,71
Técnicos e profesionais científicos e intelectuais	3.379	5,61	8.742	8,71	12.121	7,54
Técnicos e profesionais de apoio	6.884	11,43	7.054	7,02	13.938	8,68
Empregados de tipo administrativo	3.549	5,89	14.369	14,31	17.918	11,15
Traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio	5.696	9,45	32.499	<b>32,36</b>	38.195	<b>23,77</b>
Traballadores cualificados na agricultura e na pesca	3.523	5,85	1.653	1,65	5.176	3,22
Artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras, a construción e a minaría, agás os operad. de instalacións e maquinaria	17.193	<b>28,54</b>	5.637	5,61	22.830	14,21
Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores	6.868	11,40	6.046	6,02	12.914	8,04
Traballadores non cualificados	12.290	<b>20,40</b>	24.075	<b>23,98</b>	36.365	<b>22,63</b>
Total xeral	60.245	100,00	100.421	100,00	160.666	100,00

Polo que respecta aos parados por gran grupo de ocupación, o cadro amosa que estes se concentran en “traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores dos comercios”, cun 23,77%, situación que se dá tamén no colectivo das mulleres. Porén, no de homes esta porcentaxe é moi inferior (9,45%), sendo o grupo de “artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras, construción e a minaría, agás os operadores de instalacións e maquinaria” o que concentra o maior número de homes parados (28,54%).

O grupo que segue en importancia dentro dos parados é o de “traballadores non cualificados”, co 22,63% , feito que se repite se a análise se fai atendendo ao sexo.




### 2.3.14.- Evolución anual dos parados rexistrados por gran grupo de ocupación.

Se analizamos os datos da evolución anual do paro por gran grupo de ocupación, vemos que o grupo de “técnicos e profesionais científicos e intelectuais” foi o que, en termos relativos, reduciu máis o paro (-17,63%), seguido do grupo de “dirección de empresas e de administracións públicas” (-15,47%).

	2005	2006	Variación	% variación
Forzas armadas	68	62	-6	-8,82
Dirección das empresas e das administracións públicas	1.351	1.142	-209	-15,47
Técnicos e profesionais científicos e intelectuais	14.716	12.121	-2.595	-17,63
Técnicos e profesionais de apoio	15.993	13.938	-2.055	-12,85
Empregados de tipo administrativo	20.276	17.918	-2.358	-11,63
Traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio	41.241	38.195	-3.046	-7,39
Traballadores cualificados na agricultura e na pesca	5.882	5.176	-706	-12,00
Artesáns e traballadores cualificados das ind. manufactureiras, a construción e a minaría, agás os operadores de instalacións e maquinaria	25.985	22.830	-3.155	-12,14
Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores	14.485	12.914	-1.571	-10,85
Traballadores non cualificados	38.679	36.370	-2.309	-5,97

### Evolución anual do paro por gran grupo de ocupación



## □□□ 2.3.15.- As dez ocupacións máis demandadas.

Ocupacións	Homes	Mulleres	Total	%
Dependente de comercio, en xeral	1.087	14.413	15.500	9,65
Persoal de limpeza ou limpador, en xeral	700	10.523	11.223	6,99
Empregado administrativo, en xeral	1.874	7.858	9.732	6,06
Peón da industria manufactureira, en xeral	2.151	2.077	4.228	2,63
Asistente domiciliario	54	3.518	3.572	2,22
Albanel	3.347	51	3.398	2,12
Peón da construción de edificios	3.120	35	3.155	1,96
Camareiro, en xeral	1.309	1.750	3.059	1,90
Cociñeiro, en xeral	525	2.169	2.694	1,68
Xardineiro, en xeral	1.173	885	2.058	1,28


## 2.4.- Contratos

### □□□ 2.4.1.- Contratos realizados por sexo.

	Parados	%
Homes	458.760	53,49
Mulleres	398.834	46,51
Total	857.594	100,00

O número de contratos realizados ao longo do ano 2006 foi de 857.594, dos cales o 53,49% son para os homes e o 46,51% para as mulleres; esta proporción supón que a diferenza entre homes e mulleres é de 6,98% a favor dos homes.

**Contratos por sexo. Galicia 2006**




### 2.4.2.- Contratos realizados por provincia.

	Homes	% homes	Mulleres	% mulleres	Total	% total
A CORUÑA	192.685	42,00	172.857	43,34	365.542	42,62
LUGO	42.513	9,27	44.193	11,08	86.706	10,11
OURENSE	34.869	7,60	30.912	7,75	65.781	7,67
PONTEVEDRA	188.693	41,13	150.872	37,83	339.565	39,60
TOTAL	458.760	100,00	398.834	100,00	857.594	100,00

Como se pode observar no cadro anterior, son as provincias da Coruña e Pontevedra as que concentran o maior volume da contratación, concretamente o 82,22% da totalidade de contratos de Galicia.

#### Contratos por provincia




### 2.4.3.- Evolución anual do número de contratos por sexo (2002-2006).


	Evolución nº de contratos. Período 2002-2006													
	2002	2003	2004	2005	2006	2003	%	2004	%	2005	%	2006	%	V.M. anual
HOMES	399.258	406.099	412.864	427.799	458.760	6.841	1,71	6.765	1,67	14.935	3,62	30.961	7,24	3,53
MULLERES	309.760	337.573	353.159	363.429	398.834	27.813	8,98	15.586	4,62	10.270	2,91	35.405	9,74	6,52
TOTAL	709.018	743.672	766.023	791.228	857.594	34.654	4,89	22.351	3,01	25.205	3,29	66.366	8,39	4,87

Se atendemos á evolución da contratación nos últimos cinco anos, vemos que é positiva para os dous sexos, aumentando o número de contratos ano tras ano, cun maior incremento no ano 2006.

Se estudamos a evolución por sexo, o colectivo das mulleres experimenta un aumento superior ao dos homes, agás no ano 2005. Tamén destacan os contratos ás mulleres no crecemento medio, duplicando o dos homes.



### Variación anual da contratación por sexo



### 2.4.4.- Evolución mensual do número de contratos.


				Variación			% variación		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
XANEIRO	37.325	32.205	69.530	9.366	2.917	12.283	33,50	9,96	21,46
FEBREIRO	31.942	25.729	57.671	-5.383	-6.476	-11.859	-14,42	-20,11	-17,06
MARZO	35.716	29.649	65.365	3.774	3.920	7.694	11,82	15,24	13,34
ABRIL	31.319	27.323	58.642	-4.397	-2.326	-6.723	-12,31	-7,85	-10,29
MAIO	38.830	32.579	71.409	7.511	5.256	12.767	23,98	19,24	21,77
XUÑO	42.963	36.238	79.201	4.133	3.659	7.792	10,64	11,23	10,91
XULLO	45.717	39.425	85.142	2.754	3.187	5.941	6,41	8,79	7,50
AGOSTO	41.919	34.615	76.534	-3.798	-4.810	-8.608	-8,31	-12,20	-10,11
SETEMBRO	40.317	36.348	76.665	-1.602	1.733	131	-3,82	5,01	0,17
OUTUBRO	41.722	39.324	81.046	1.405	2.976	4.381	3,48	8,19	5,71
NOVEMBRO	38.382	33.492	71.874	-3.340	-5.832	-9.172	-8,01	-14,83	-11,32
DECEMBRO	32.608	31.907	64.515	-5.774	-1.585	-7.359	-15,04	-4,73	-10,24




Atendendo á evolución mensual da contratación durante o ano 2006, observamos que a contratación en Galicia presenta varios picos: no mes de febreiro produciuse un descenso da contratación (sobre todo no colectivo das mulleres); no mes de marzo sobe e volve baixar en abril; no mes de maio prodúcese o maior aumento da contratación; a tendencia alcista continúa ata o mes de agosto, aínda que a menor ritmo, volvendo a invertirse a tendencia no mes de agosto (-10,11%).

Así pois, analizando os datos, parece claro que nos meses de inverno o número de contratos descende.

### Evolución mensual da contratación



### Evolución mensual da contratación



### 2.4.5.- Contratos por idade e sexo.

	Homes	% homes	Mulleres	% mulleres	Total	% total
< 26	146.835	32,01	120.663	30,25	267.498	31,19
26 A 35	163.802	35,71	155.196	38,91	318.998	37,20
36 A 45	84.987	18,53	79.952	20,05	164.939	19,23
46 A 55	46.660	10,17	35.826	8,98	82.486	9,62
56 E MÁIS	16.476	3,59	7.197	1,80	23.673	2,76

Contrátanse máis homes que mulleres en todos os tramos de idade. En ambos os dous casos, a maioría dos contratos realízanse con menores de 36 anos (68,39%); pola contra, os valores máis baixos acádaos o grupo de 56 e máis.

### 2.4.6.- Evolución anual dos contratos por idade.


	Evolución nº de contratos. Período 2002-2006													
	2002	2003	2004	2005	2006	2003	%	2004	%	2005	%	2006	%	V.M. anual
< 26	257.706	263.371	263.822	255.966	267.498	5.665	2,20	451	0,17	-7.856	-2,98	11.532	4,51	0,94
26 A 35	245.786	259.948	275.247	292.040	318.998	14.162	5,76	15.299	5,89	16.793	6,10	26.958	9,23	6,74
36 A 45	128.572	135.751	139.044	148.175	164.939	7.179	5,58	3.293	2,43	9.131	6,57	16.764	11,31	6,43
46 A 55	59.528	66.243	68.176	72.924	82.486	6.715	11,28	1.933	2,92	4.748	6,96	9.562	13,11	8,50
56 E MÁIS	17.426	18.359	19.734	22.123	23.673	933	5,35	1.375	7,49	2.389	12,11	1.550	7,01	7,96
TOTAL	709.018	743.672	766.023	791.228	857.594	34.654	4,89	22.351	3,01	25.205	3,29	66.366	8,39	4,87

Nos últimos cinco anos produciuse un aumento do número de contratos en todos os tramos de idade, agás en 2005 no tramo dos menores de 26 anos, que descendeu respecto ao ano anterior en -7.856 (-2,98%). Este é o único grupo que decrece en todo o período, pero volve aumentar en 2006.

O ano que máis contratos se realizaron foi 2006, cun aumento de 66.366, o que supón un 8,39% da totalidade dos contratos. Neste mesmo ano destaca, en termos relativos, o tramo de idade de 46 a 55 anos (13,11%).

Se analizamos a variación media anual, tamén destaca o grupo de 46 a 55 anos (8,50%). Pola contra, o crecemento menor foi o de menores de 26 anos (0,94%).

### Evolución anual por tramos de idade




### 2.4.7.- Contratos por nivel formativo.

	Homes	%	Mulleres	%	Total	%
Ata certificado de escolaridade*	111.476	24,30	62.640	15,71	174.116	20,30
BUP/Bacharelato superior/COU	65.002	14,17	67.248	16,86	132.250	15,42
Formación profesional	57.141	12,46	67.459	16,91	124.600	14,53
Titulación ensino obrigatorio	194.302	42,35	140.763	35,29	335.065	39,07
Titulados universitarios	30.839	6,72	60.724	15,23	91.563	10,68
<b>Total</b>	<b>458.760</b>	<b>100,00</b>	<b>398.834</b>	<b>100,00</b>	<b>857.594</b>	<b>100,00</b>

Polo que se refire ao nivel formativo dos contratados, son os titulados con ensino obrigatorio os que teñen máis peso (39,07%), seguidos dos que teñen ata certificado de escolaridade, co 20,30%, concentrando estes dous grupos máis da metade dos contratados.

Se a análise se fai por sexo, nos contratos con menor formación son maioría os homes, mentres que nos contratos con maior formación (titulados universitarios) son maioría as mulleres, 15,23% fronte a 6,72%.

### Contratación por nivel formativo




### 2.4.8.- Evolución anual dos contratos por nivel formativo.

	Evolución nº de contratos. Período 2002-2006													
	2002	2003	2004	2005	2006	2003	%	2004	%	2005	%	2006	%	V.M. anual
Ata certificado de escolaridade*	163.065	165.081	163.227	164.434	174.116	2.016	1,24	-1.854	-1,12	1.207	0,74	9.682	5,89	1,65
BUP/Bacharelato superior/COU	96.072	102.174	119.738	122.348	132.250	6.102	3,74	17.564	10,64	2.610	1,60	9.902	6,02	8,32
Formación profesional	68.037	73.443	82.961	106.160	124.600	5.406	3,32	9.518	5,77	23.199	14,21	18.440	11,21	16,33
Titulación ensino obrigatorio	305.915	318.545	318.398	312.605	335.065	12.630	7,75	-147	-0,09	-5.793	-3,55	22.460	13,66	2,30
Titulados universitarios	75.929	84.429	81.699	85.681	91.563	8.500	5,21	-2.730	-1,65	3.982	2,44	5.882	3,58	4,79
Total xeral	709.018	743.672	766.023	791.228	857.594	34.654	21,25	22.351	13,54	25.205	15,44	66.366	40,36	4,87

Por nivel formativo, no período 2002-2006 os contratos aumentan durante todos os anos no grupo dos que posúen bacharelato e formación profesional, sendo estes últimos os que experimentan unha maior variación media (16,33%). En cambio, os contratos dos titulados en ensino obrigatorio descenderon durante os anos 2004 e sobre todo en 2005, volvendo aumentar considerablemente no ano 2006.

Igualmente, no ano 2004 tanto os contratados con certificado de escolaridade como os titulados universitarios presentaron un balance negativo.

### Evolución anual por nivel formativo




### 2.4.9.- Contratos por tipoloxía.

	Homes	%	Mulleres	%	Total	%
Indefinido	49.957	10,89	28.955	7,26	78.912	9,20
Indefinido tempo parcial	4.676	1,02	12.007	3,01	16.683	1,95
Outros	14.389	3,14	14.415	3,61	28.804	3,36
Prácticas/Formación	11.998	2,62	8.183	2,05	20.181	2,35
Temporal	313.011	68,23	219.635	55,07	532.646	62,11
Temporal tempo parcial	64.729	14,11	115.639	28,99	180.368	21,03
Total xeral	458.760	100,00	398.834	100,00	857.594	100,00

O 9,20% da contratación realizada no ano 2006 é indefinida a tempo completo, mentres que os contratos temporais supoñen o 62,11%; constatamos así que a contratación temporal é moi superior á indefinida.

Tamén por sexo hai un predominio dos contratos temporais sobre os indefinidos, pero son os homes os máis contratados respecto das mulleres, coa excepción dos contratos a tempo parcial, onde o colectivo feminino duplica o dos homes no caso de contratos temporais e triplicao nos contratos indefinidos.

### Contratos por tipoloxía




### 2.4.10.- Evolución anual dos contratos por tipoloxía.

	Evolución nº de contratos. Período 2002-2006													
	2002	2003	2004	2005	2006	2003	%	2004	%	2005	%	2006	%	V.M. anual
Indefinido	46.312	48.072	50.355	57.200	78.912	1.760	3,80	2.283	4,75	6.845	13,59	21.712	37,96	14,25
Indefinido tempo parcial	11.400	12.167	13.890	12.660	16.683	767	6,73	1.723	14,16	-1.230	-8,86	4.023	31,78	9,99
Outros	37.363	31.067	30.253	29.352	28.804	-6.296	-16,85	-814	-2,62	-901	-2,98	-548	-1,87	-6,30
Prácticas/Formación	21.127	21.863	20.990	20.500	20.181	736	3,48	-873	-3,99	-490	-2,33	-319	-1,56	-1,14
Temporal	462.747	488.815	493.861	507.603	532.646	26.068	5,63	5.046	1,03	13.742	2,78	25.043	4,93	3,58
Temporal tempo parcial	130.069	141.688	156.674	163.913	180.368	11.619	8,93	14.986	10,58	7.239	4,62	16.455	10,04	8,52

A contratación indefinida aumenta durante todo o quinquenio cunha variación media do 14,25%, seguida pola contratación indefinida a tempo parcial (9,9%). En cambio a contratación de prácticas/formación adopta un comportamento negativo, cunha variación media de -1,14%.

### Evolución anual por tipoloxía da contratación



### 2.4.11.- Índice de rotación.

Ano	Contratos	Contratados	Índice de rotación
2002	709.018	365.882	1,94%
2003	743.672	379.239	1,96%
2004	766.023	384.822	1,99%
2005	791.228	389.625	2,03%
2006	857.594	416.336	2,06%



Se analizamos o índice de rotación nos últimos cinco anos, observamos como este aumenta de maneira paulatina, chegando no 2006 á cifra máis alta, onde cada persoa contratada tivo unha media de 2,06 contratos.

### Índice de rotación dos contratos




### 2.4.12.- Contratos por sector económico.

	Subsector	Homes	%	Mulleres	%	Total	%
<b>SECTOR PRIMARIO</b>	<b>Agricultura e pesca</b>	17.484	3,81	4.243	1,06	21.727	2,53
Total SECTOR PRIMARIO		17.484	3,81	4.243	1,06	21.727	2,53
<b>SECTOR SECUNDARIO</b>	<b>Electricidade</b>	544	0,12	226	0,06	770	0,09
	<b>Industria</b>	54.520	11,88	38.291	9,60	92.811	10,82
Total SECTOR SECUNDARIO		55.064	12,00	38.517	9,66	93.581	10,91
<b>SECTOR CONSTRUCCIÓN</b>	<b>Construcción</b>	100.289	21,86	6.311	1,58	106.600	12,43
Total SECTOR CONSTRUCCIÓN		100.289	21,86	6.311	1,58	106.600	12,43
<b>SECTOR SERVICIOS</b>	<b>Comercio e hostalaría</b>	66.525	14,50	111.050	27,84	177.575	20,71
	<b>Outros servizos</b>	164.997	35,97	220.314	55,24	385.311	44,93
	<b>Transporte e comunicacións</b>	54.401	11,86	18.399	4,61	72.800	8,49
Total SECTOR SERVICIOS		285.923	62,33	349.763	87,70	635.686	74,12
Total xeral		458.760	100,00	398.834	100,00	857.594	100,00

Na contratación por sectores é o sector servizos o que concentra case as tres cuartas partes da contratación (74,12%). Destacan dentro deste sector o subsector outros servizos, que engloba o 44,93%, seguido do sector do comercio e hostalaría (20,71%). Menores porcentaxes presentan o resto dos sectores: 12,43% para o da construción, 10,91% para o secundario e, por último, 2,53% para o primario.

Por sexo, as mulleres superan aos homes en números de contratos no sector servizos, agás no subsector transportes e comunicacións; pola contra, no sector da construción a presenza das mulleres é moi inferior á dos homes. Tamén os contratos femininos son inferiores nos sectores secundario e primario.

### Contratos por sectores de actividade




### 2.4.13.- Evolución anual dos contratos por sectores de actividade.

	Evolución nº de contratos. Período 2002-2006													
	2002	2003	2004	2005	2006	2003	%	2004	%	2005	%	2006	%	V.M. anual
Agricultura e pesca	19.230	19.403	20.956	21.932	21.727	173	0,90	1.553	8,00	976	4,66	-205	-0,93	3,10
Electricidade	751	819	821	766	770	68	9,05	2	0,24	-55	-6,70	4	0,52	0,63
Industria	102.882	95.546	92.173	90.997	92.811	-7.336	-7,13	-3.373	-3,53	-1.176	-1,28	1.814	1,99	-2,54
Construción	89.347	95.166	95.538	98.084	106.600	5.819	6,51	372	0,39	2.546	2,66	8.516	8,68	4,51
Comercio e hostalaría	141.080	153.100	163.171	161.826	177.575	12.020	8,52	10.071	6,58	-1.345	-0,82	15.749	9,73	5,92
Outros servizos	289.924	312.824	329.701	347.609	385.311	22.900	7,90	16.877	5,40	17.908	5,43	37.702	10,85	7,37
Transporte e comunicación	65.804	66.814	63.663	70.014	72.800	1.010	1,53	-3.151	-4,72	6.351	9,98	2.786	3,98	2,56
Total xeral	709.018	743.672	766.023	791.228	857.594	34.654	4,89	22.351	3,01	25.205	3,29	66.366	8,39	4,87

Se estudamos a evolución da contratación dos últimos cinco anos por subsectores económicos, observamos como o maior incremento da contratación se produce no subsector outros servizos, cunha variación media de 7,37%; o segundo sector en importancia é o de comercio e hostalaría, aínda que no ano 2005 se perderon 1.345 contratos.

### Evolución anual por sectores económicos



Pola contra, o sector secundario, constituído basicamente pola industria, diminúe o número de contratos de forma continuada ata o ano 2006, no que se inverte a tendencia cun aumento de 1.814 contratos.


#### 2.4.14.- Contratos por gran grupo de ocupación.

	Homes	%	Mulleres	%	Total	%
Forzas armadas	2.113	0,46	658	0,16	2.771	0,32
Dirección de empresas e administracións públicas	1.530	0,33	841	0,21	2.371	0,28
Técnicos e profesionais científicos e intelectuais	32.222	7,02	36.074	9,04	68.296	7,96
Técnicos e profesionais de apoio	33.368	7,27	29.892	7,49	63.260	7,38
Empregados de tipo administrativo	21.441	4,67	59.123	14,82	80.564	9,39
Traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio	48.182	10,50	140.714	35,28	188.896	22,03
Traballadores cualificados na agricultura e na pesca	10.293	2,24	2.966	0,74	13.259	1,55
Artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras, a construción e a minaría, agás os operadores de instalacións e maquinaria	106.072	23,12	24.048	6,03	130.120	15,17
Operadores de instalación e maquinaria, e montadores	59.298	12,93	19.376	4,86	78.674	9,17
Traballadores non cualificados	144.241	31,44	85.142	21,35	229.383	26,75
<b>Total</b>	<b>458.760</b>	<b>100,00</b>	<b>398.834</b>	<b>100,00</b>	<b>857.594</b>	<b>100,00</b>

As ocupacións cun maior número de contratos son para o grupo de traballadores non cualificados (26,75%), seguido do grupo de traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio (22,03%); estes dous grupos concentran case a metade de toda a contratación.

Tamén as mulleres son contratadas maioritariamente nestes dous grupos, pero aquí o maior peso porcentual é o do grupo de traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio (35,28%). En canto ao colectivo dos homes, vemos como a maior porcentaxe da súa contratación se atopa no grupo de traballadores non cualificados, seguido do grupo de artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras, a construción, e a minaría, agás os operadores de instalacións e maquinaria.

### Contratos por gran grupo de ocupación




### 2.4.15.- Evolución anual dos contratos por gran grupo de ocupación.

	Evolución. Período 2002-2006													
	2002	2003	2004	2005	2006	2003	%	2004	%	2005	%	2006	%	V.M. anual
Forzas armadas				174	2.771							2.597	1.492,53	299,06
Dirección de empresas e administracións públicas	1.831	1.708	1.769	1.956	2.371	-123	-6,72	61	3,57	187	10,57	415	21,22	6,67
Técnicos e profesionais científicos e intelectuais	66.139	70.810	65.886	63.220	68.296	4.671	7,06	-4.924	-6,95	-2.666	-4,05	5.076	8,03	0,81
Técnicos e profesionais de apoio	48.034	51.228	52.831	58.861	63.260	3.194	6,65	1.603	3,13	6.030	11,41	4.399	7,47	7,13
Empregados de tipo administrativo	60.268	64.998	68.152	72.384	80.564	4.730	7,85	3.154	4,85	4.232	6,21	8.180	11,30	7,53
Traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio	136.831	149.681	163.328	168.730	188.896	12.850	9,39	13.647	9,12	5.402	3,31	20.166	11,95	8,40
Traballadores cualificados na agricultura e na pesca	10.778	11.309	12.353	13.593	13.259	531	4,93	1.044	9,23	1.240	10,04	-334	-2,46	5,32
Artesáns e traballadores cualificados das indus. manufactureiras, a construción e a minaría, agás os operadores de instalacións e maquinaria	110.704	110.804	118.733	121.132	130.120	100	0,09	7.929	7,16	2.399	2,02	8.988	7,42	4,12
Operadores de instalación e maquinaria, e montadores	77.861	78.741	69.922	68.563	78.674	880	1,13	-8.819	-11,20	-1.359	-1,94	10.111	14,75	0,26
Traballad.non cualificados	196.570	204.390	213.038	222.609	229.383	7.820	3,98	8.648	4,40	9.571	4,49	6.774	3,04	3,93
Total	709.018	743.672	766.023	791.228	857.594	34.654	4,89	22.351	3,01	25.205	3,29	66.366	8,39	4,87

Analizando a evolución da contratación no último quinquenio, observamos que o grupo que presentou maior variación media anual foi o de traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio (8,40%), seguido dos empregados de tipo administrativo (7,53%). Pola contra, o que experimentou un valor medio anual máis baixo foi o grupo de operadores de instalación e maquinaria, e montadores (0,26%).

Polo que respecta ao grupo das forzas armadas, aparecen os primeiros contratos no ano 2005 (174), aumentando considerablemente no ano 2006 ata chegar a 2.771 contratos.

### Evolución anual de contratación por gran grupo de ocupación



### 2.4.16.- As dez ocupacións máis contratadas.

	Homes	Mulleres	Total	% total
Peóns de industrias manufactureiras	62.408	23.716	86.124	10,04
Dependentes e exhibidores en tendas, almacéns, quioscos e mercados	9.449	50.842	60.291	7,03
Camareiros, barmans e asimilados	24.204	32.918	57.122	6,66
Peóns do transporte e descargadores	42.102	8.739	50.841	5,93
Persoal de limpeza de oficinas, hoteis (camareiras de piso) e outros establecementos similares	5.612	40.209	45.821	5,34
Albaneis e canteiros	31.632	638	32.270	3,76
Taquígrafos e mecanógrafos	6.485	19.110	25.595	2,98
Condutores de camións	17.460	542	18.002	2,10
Auxiliares de enfermaría hospitalaria	735	15.707	16.442	1,92
Peóns da construción de edificios	15.309	651	15.960	1,86

## 2.5.- Formación

Familia profesional	FIP	FSE	Total	% total
Administración e oficinas	185	10	195	9,65
Agraria	42	4	46	2,28
Artesanía	16		16	0,79
Automoción	156	8	164	8,11
Comercio	76	4	80	3,96
Docencia e investigación	37	5	42	2,08
Edificación e obras públicas	116	7	123	6,09
Formación complementaria	2		2	0,10
Industria pesada e construc. metálicas	52	17	69	3,41
Industrias alimentarias	17	5	22	1,09
Industrias da madeira e da cortiza	34	1	35	1,73
Industrias de fabricación equipos electromecánicos	30		30	1,48
Industrias gráficas	2		2	0,10
Industrias manufactureiras diversas		1	1	0,05
Industrias químicas	4		4	0,20
Industrias téxtiles	20	3	23	1,14
Información e manifestacións artísticas	13	4	17	0,84
Mantemento e reparación	28		28	1,39
Minaría e primeiras transformacións		1	1	0,05
Montaxe e instalación	45	3	48	2,38
Pesca e acuicultura		1	1	0,05
Produc., transf. e distribuc. de enerxía e auga	17		17	0,84
Sanidade	114	13	127	6,28
Seguros e finanzas	72	4	76	3,76
Servizos a comunidade e persoais	105	9	114	5,64
Servizos ás empresas	426	122	548	27,12
Transportes e comunicacións	94	17	111	5,49
Turismo e hostalaría	65	14	79	3,91
Total xeral	1768	253	2021	100,00

A familia profesional que maior formación recibe é a de servizos ás empresas, que concentra o 27,12% da totalidade dos cursos de formación ocupacional impartidos na Comunidade Autónoma; séguelle, pero xa a bastante distancia, a familia de administración e oficinas, co 9,65% dos cursos. Pola contra, as familias que menos cursos impartiron son as de industrias manufactureiras diversas, a de minaría e primeiras transformacións e a de pesca e acuicultura, co 0,05%, o que supón que se impartiu un só curso por cada unha destas familias.



### Cursos impartidos por familia e provincia

Familia profesional	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total	% provincia			
						A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Administración e oficinas	62	29	29	75	195	31,79	14,87	14,87	38,46
Agraria	16	13	10	7	46	34,78	28,26	21,74	15,22
Artesanía	7	1	5	3	16	43,75	6,25	31,25	18,75
Automoción	9	7	16	132	164	5,49	4,27	9,76	80,49
Comercio	22	7	16	35	80	27,50	8,75	20,00	43,75
Docencia e investigación	22	5	2	13	42	52,38	11,90	4,76	30,95
Edificación e obras públicas	44	37	19	23	123	35,77	30,08	15,45	18,70
Formación complementaria	1	1			2	50,00	50,00	0,00	0,00
Ind. pesada e constr. metálicas	17	13	3	36	69	24,64	18,84	4,35	52,17
Industrias alimentarias	6	2	9	5	22	27,27	9,09	40,91	22,73
Industr. da madeira e da cortiza	19	9	2	5	35	54,29	25,71	5,71	14,29
Industrias de fabricación equipos electromecánicos	6	8	7	9	30	20,00	26,67	23,33	30,00
Industrias gráficas	2				2	100,00			
Indust. manufactureiras diversas	1				1	100,00			
Industrias químicas	2			2	4	50,00	0,00	0,00	50,00
Industrias téxtiles	14	5	1	3	23	60,87	21,74	4,35	13,04
Informac. e manifestac. artísticas	9		1	7	17	52,94	0,00	5,88	41,18
Mantemento e reparación	7	5	2	14	28	25,00	17,86	7,14	50,00
Minaría e primeir. transformacións	1				1	100,00	0,00	0,00	0,00
Montaxe e instalación	19	10	7	12	48	39,58	20,83	14,58	25,00
Pesca e acuicultura	1				1	100,00	0,00	0,00	0,00
Produc., transf. e distribuc. de enerxía e auga	5	6	2	4	17	29,41	35,29	11,76	23,53
Sanidade	43	28	25	31	127	33,86	22,05	19,69	24,41
Seguros e finanzas	24	8	19	25	76	31,58	10,53	25,00	32,89
Servizos a comunidade e persoais	43	15	36	20	114	21,05	7,02	16,67	21,93
Servizos ás empresas	186	118	73	171	548	33,94	21,53	13,32	31,20
Transportes e comunicacións	22	40	6	43	111	19,82	36,04	5,41	38,74
Turismo e hostalaría	34	9	15	21	79	43,04	11,39	18,99	26,58
Total xeral	644	376	305	696	2021	31,87	18,60	15,09	34,44

Se atendemos á distribución dos cursos por provincias, vemos que estes se concentran nas provincias da Coruña e Pontevedra, consecuencia da falta de homoxeneidade socioeconómica da nosa Comunidade, onde fronte a territorios de gran dinamismo económico, cun

importante número de empresas que demandan traballadores con formación axeitada, existen outros cun tecido industrial menos denso e cunha poboación moi envellecida.

Sirva a modo de exemplo que da familia de automoción o 80,49% da formación que se imparte en Galicia sitúase na provincia de Pontevedra. Esta concentración pode deberse a que a gran maioría das empresas do sector da automoción e mais as auxiliares dela se sitúan nesta mesma provincia.

## 2.6.- CONCLUSIÓNS

---

### Perfil sociodemográfico

- A **taxa de actividade** durante o ano 2006 medrou respecto ao ano anterior, pero segue a ser inferior á do Estado. A converxencia coa media española manifestouse invariable con respecto ao ano 2005.
- En canto á **taxa de emprego** da nosa Comunidade, tamén aumentou no ano 2006, pero está igualmente por debaixo da do Estado. O nivel de converxencia do ano 2006 segue a manter un diferencial similar coa media do resto do Estado. Tan só se recortaron distancias nun 0,2%.
- Pola contra, a **taxa de paro** experimentou unha importante evolución positiva: reduciuse nun 1% con respecto ao ano 2005, e acadou a converxencia total coa media española, de xeito que incluso acadou un valor inferior ao do Estado nun 0,2%. Concretamente a taxa de paro galega no derradeiro trimestre de 2006 foi do 8,1%, mentres que a da media estatal alcanzou un 8,3%. Esta converxencia produciuse tanto para homes como para mulleres.

Polo que respecta ao colectivo feminino, observamos como se reproduce a situación descrita para os dous sexos, pero as taxas de actividade e ocupación son sensiblemente inferiores as dos homes, mentres que a taxa de paro feminino no último trimestre de 2006 é 6 puntos superior á masculina.

Se comparamos os datos anteriores coas directrices da Unión Europea que sitúan como obxectivo acadar unha taxa de emprego no ano 2010 do 70%, a taxa de emprego de Galicia (49,1%, cifra que se atopa 4,4 puntos por debaixo da estatal) está moi lonxe da meta marcada pola Unión Europea. E se atendemos ao colectivo das mulleres, esta distancia aínda se agranda máis, posto que aquí o pleno emprego sitúase no 60%.

De maneira que, se España se atopa lonxe das directrices do Cumio de Lisboa, Galicia aínda máis, o que fai indispensable que, se se queren acadar estes obxectivos, os poderes públicos xestionen políticas de formación profesional e inserción, así como tamén de prevención co fin de incrementar o ritmo de emprego da poboación en xeral e das mulleres en particular.

## Tecido produtivo

- No tecido empresarial de Galicia hai unha concentración das empresas nas provincias da Coruña e Pontevedra.
- Poderíamos sinalar a evolución positiva que experimenta o tecido produtivo galego, tanto en número de empresas como en número de traballadores, e tamén en autónomos.
- O sector dominante en canto ao volume de empresas, traballadores e autónomos é claramente o de servizos, que ademais non deixou de medrar no último quinquenio. Pola contra, o sector primario, tradicionalmente de grande importancia para a nosa Comunidade, perdeu peso neste mesmo período; isto é un indicio do que se confirmará coas variables que se analizan a continuación –paro e contratos–: os cambios que se están a producir na nosa sociedade, onde a tradicional Galicia rural está a mudar por outra Galicia cunha sociedade urbana e de benestar.
- Por último, enuméranse as empresas por CNAE con crecemento sostido nos últimos cinco anos, as empresas segundo o número de traballadores e tamén número de autónomos. Nos tres casos o CNAE que ocupa o primeiro lugar é o da construción. A incidencia deste sector é fundamental na nosa economía, cun peso realmente importante, tal como indica esta evolución positiva e como corrobora os datos de contratación.

## Paro

- No ano 2006 o paro reduciuse en relación co ano anterior, pero son os homes os que experimentan un descenso máis importante.
- Destacan as provincias de Pontevedra e da Coruña, igual que ocorre con outras variables, concentrando máis das tres cuartas partes dos parados galegos.
- En canto ao comportamento do paro ao longo do ano, os datos reflicten a tendencia á redución do paro nos meses do verán e o aumento nos meses seguintes, o que supón un indicio da temporalidade do emprego, comportamento que parece confirmarse cos datos sobre a contratación na nosa Comunidade.

- En relación co paro rexistrado por idade e sexo, o grupo que presenta as porcentaxes máis elevadas é o de 26 a 35 anos, tanto nos homes como nas mulleres, pero a cifra de mulleres paradas que teñen entre 26 e 35 anos duplica a dos homes. Neste senso, os poderes públicos prevén un planeamento estratéxico de intervención a través dunha serie de políticas activas de fomento do emprego da mocidade co fin de reducir a taxa de desemprego xuvenil; e dado que as mulleres mozas son as demandantes de emprego máis comúns, tamén se están a adoptar as medidas que incidan na redución destas diferenzas entre homes e mulleres.
- A maior parte dos desempregados galegos concéntranse no nivel de estudos de certificado de escolaridade. Se a estes lles engadimos os parados que teñen titulación de ensino obrigatorio, en total representan case as dúas terceiras partes dos parados galegos. Atendendo a estas cifras, poderíamos deducir que aqueles colectivos con baixo nivel de estudos contan cunha reducida cualificación, o que dificulta as súas posibilidades de atopar emprego.
- Se temos en conta o tempo que os demandantes de emprego levan buscando traballo, podemos afirmar que unha cuarta parte dos parados galegos levan na procura de emprego máis de 24 meses. Unha vez máis, nos parados de longa duración son as mulleres as que saen máis desfavorecidas, pois recollen as porcentaxes máis elevadas.
- O sector servizos, sustentado polos subsectores de comercio e hostalaría e por outros servizos, é o que engloba máis da metade dos parados galegos, aínda que tamén recolle o maior número de traballadores e contratos. No que respecta ao sector onde máis se reduciu o paro, foi o da construción.
- Se atendemos aos parados rexistrados por gran grupo de ocupación, hai que sinalar que a maioría dos parados se concentran no grupo de traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio, seguidos do grupo de traballadores non cualificados. No entanto, realizando unha análise por sexo dos parados deste gran grupo de ocupación, comprobamos unha vez máis que o colectivo feminino é moito máis numeroso que o masculino.
- Das dez ocupacións máis demandadas que figuran no informe, a ocupación que aparece en primeiro lugar é a de dependente de comercio, en xeral; seguida da de persoal de limpeza ou limpador, en xeral. Por outra parte, se analizamos as dez ocupacións máis demandadas, constatamos que son ocupacións que requiren baixa cualificación, o que confirma, unha vez máis, a necesidade de que os poderes públicos adopten medidas que lles permitan aos demandantes de emprego acadar unha maior cualificación.

## Contratos

- Os datos de contratación ofrécennos unha visión integral das contratacións da Comunidade Autónoma de Galicia durante o ano 2006.
- O número de contratos aumenta en 66.366 respecto ao ano 2005.
- Este dato, xunto con outras variables como son aumento da poboación activa e da poboación ocupada e a redución da poboación parada, entre outras, apunta á consolidación dunha fase expansiva, aínda que, como xa sinalamos anteriormente, estamos moi lonxe dos obxectivos do Cumio de Lisboa.
- Tal como sucedía cos datos sobre parados, as provincias da Coruña e Pontevedra concentran máis do 80% dos contratos de Galicia, dato que xa apunta unha das características da realidade sociolaboral da nosa Comunidade Autónoma, como é a falta de homoxeneidade socioeconómica do territorio galego. Fronte a ámbitos xeográficos de gran dinamismo económico, existen outros, sobre todo no interior, onde a realidade socioeconómica é ben distinta, comarcas que se caracterizan polo seu escaso tecido produtivo e por unha poboación moi envellecida.
- Existe unha diferenciación de xénero: o número de contratos as mulleres galegas é inferior ao dos homes; porén a contratación feminina aumenta a máis ritmo que a contratación masculina, o cal nos indica que a incorporación das mulleres ao mercado laboral vai en aumento, especialmente no sector servizos.
- En canto á contratación por grupos de idade, a maioría realízase con menores de 36 anos (68,39%). Polo contrario, observamos unha tendencia xeral de diminución progresiva da contratación a medida que avanza a idade do traballador (parte desta diminución pode deberse a que os traballadores de máis idade xa teñen emprego estable), situación que se agrava no caso das mulleres.
- Hai que sinalar que a contratación demanda maioritariamente os niveis académicos de ensino obrigatorio, e isto é así para os dous sexos, dándonos unha idea da baixa cualificación da maioría dos postos de traballo. Pero é preciso subliñar, como dato positivo, que nos postos onde se requiren titulados superiores predominan as mulleres, chegando a duplicar o número de contratos respecto dos homes. Este feito pon de manifesto os cambios sociolóxicos que se produciron no noso país, onde a muller se incorporou á universidade e obteñen a titulación superior máis mulleres que homes, talvez debido a que as ofertas de traballo, con sala-

rios moi baixos e xornadas interminables, xunto coa falta de oportunidades, fai que a muller prolongue o seu período de estudos.

□□ A contratación temporal supera á indefinida, aglutinando máis do 62% da totalidade da contratación, e aínda que a contratación indefinida é a que máis variación anual experimentou, o certo é que os datos observados manifestan a tendencia de anos anteriores: o mercado laboral galego segue sen superar os problemas dos altos índices de temporalidade, que dominan claramente, ata tal punto que o índice de rotación non deixou de aumentar nos últimos cinco anos, sendo no ano 2006 de 2,06 contratos por persoa. A temporalidade na contratación incide negativamente en distintos aspectos: a nivel profesional (como avalan distintos estudos), o grao de implicación no traballo é menor, o número de accidentes laborais en traballadores temporais é maior... e iso sen entrar nas implicacións negativas que supón tamén no eido social e humano.

□□ Consecuentemente, dentro dos obxectivos para a mellora do emprego, é prioritario establecer medidas que vaian encamiñadas a acadar emprego estable.

□□ Os contratos a tempo parcial, tanto indefinidos como temporais, teñen unha maior incidencia no colectivo feminino. Poderíase pensar que facilita a vida familiar e laboral, pero a impresión é de que esta opción non parece voluntaria, senón que máis ben semella que é a consecuencia da incapacidade de encontrar traballo a xornada completa e que, mesmo, ás veces, aínda que o contrato é a tempo parcial, a realidade é que encobre o traballo a tempo completo.

No entanto, o contrato a tempo parcial pode ser unha opción para aqueles mozos que desexan compaxinar estudos con traballo, e incluso pode ser un medio para conseguir experiencia laboral evitando quedar excluídos do mercado laboral.

□□ Analizando a contratación por sectores, os datos reflicten os cambios que están a producirse na nosa Comunidade, onde aparecen unhas estruturas ben diferentes das que estabamos acostumados a ver en épocas precedentes e conformando unha realidade socioeconómica galega totalmente diferente; así, un sector tradicional como é o sector primario (agricultura e pesca) é o que ofrece un menor número de contratos, e os que se realizan son fundamentalmente no eido forestal.

O sector secundario, constituído maioritariamente pola industria, representa o 10,91%, pero no último quinquenio mantivo un ritmo de redución paulatino ata o ano 2006, en que experimenta unha lixeira recuperación.

As razóns destas cifras tan modestas talvez se deban a que a industria en Galicia nunca foi demasiado relevante e, para empeorar máis a situación, na actualidade sofre un estancamento.

A construción, cun peso porcentual algo superior ao da industria, mantén unha tendencia positiva. Porén, a presenza da muller neste sector é testemuñal, de maneira que o colectivo feminino parece non participar do comportamento expansivo deste sector claramente masculinizado.

O sector fundamental do emprego en Galicia é o de servizos, que vén experimentando unha evolución positiva ao longo dos anos precedentes e aglutina o maior número de contratos. O comportamento positivo deste sector pode estar vencellado aos cambios socioeconómicos antes mencionados. Estes cambios concrépanse nun aumento do nivel de vida dos galegos, o que implica que o grao de benestar acadado na nosa Comunidade incida directamente en ámbitos tan importantes como na educación, na sanidade, nos servizos sociais, no comercio... Ademais, tradicionalmente este sector acostuma empregar moita man de obra que require baixa cualificación.

□□ No que se refire á análise ocupacional da contratación, e tomando como referencia os grandes grupos da contratación, podemos constatar que a maior contratación se corresponde co gran grupo de ocupación de traballadores non cualificados, seguido do grupo traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio, concentrando entre ambos os dous grupos case o 50% dos contratos que se rexistran en Galicia.

□□ Por último, facendo mención ás ocupacións máis contratadas, podemos dicir que das dúas ocupacións máis contratadas –por esta orde, Dependentes de comercio, en xeral, e Persoal de limpeza ou limpador, en xeral– son ocupacións que demandan maioritariamente traballadores dun nivel de cualificación moi baixo. Trátase ademais dunha contratación claramente feminina. Pola contra, nas ocupacións de albanel e peón da construción de edificios, que ocupan o posto 5 e 6 no ranking das ocupacións máis contratadas, o papel da contratación feminina é moi pouco significativo, aparecendo como contratacións claramente masculinizadas.

## Formación

Os datos sobre os cursos de formación ocupacional que se impartiron en Galicia no ano 2006 mostran o seguinte:

□□ O orzamento incide máis sobre unhas familias que sobre outras, aínda que non sempre alcancen a inserción desexada; así, destacan notablemente os cursos



impartidos da familia de servizos ás empresas, seguida a considerable distancia da familia de administracións e oficinas. As dúas engloban máis do 36% da totalidade dos cursos que se imparten na nosa Comunidade.

□□ Unha das razóns que pode explicar este dato é o feito de que haxa un número considerable de centros homologados da familia de servizos ás empresas, fundamentalmente da área profesional de informática, e tamén da familia administración e oficinas, e na maioría dos casos as propostas dos cursos a impartir saen deles, non da consellería.

Por outra banda, as especialidades correspondentes a esas familias semellan ser as máis demandadas polos desempregados galegos, aínda que non sexan as que mellor resultados teñan en canto a inserción.

□□ Pola contra, hai especialidades formativas que poderían ser moi interesantes de cara a acadar a formación axeitada que facilitase a inserción laboral dos desempregados e, porén, non se programan.

□□ Máis do 65% do cursos impártense nas provincias da Coruña e Pontevedra.



[http: //cualificacions.xunta.es](http://cualificacions.xunta.es)



UNIÓN EUROPEA  
Fondo Social Europeo



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE TRABALLO  
Dirección Xeral de Formación e Colocación  
Instituto Galego das Cualificacións

